

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de febreiro de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D^a. Soledad Polo Lima
D. José Manuel Couto Pérez
D. Carlos Comesaña Abalde

Na Casa do Concello de Vigo, á nove horas e cinco minutos do día nove de febreiro de dous mil catro e baixo a presidencia da Ilma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados e do titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Manuel Xosé Lorenzo Penela, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Esta presente a interventora Da. Berta Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(101).- ACTA ANTERIOR. Apróbase, por unanimidade, a acta da sesión do 26 de xaneiro de 2004. Deberá incorporarse ó libro de actas da Comisión de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(102).- SENTENCIA DO TRIBUNAL SUPREMO NO REC. CASACIÓN Nº 145/03 PARA UNIFICACIÓN DE DOCTRINA CONTRA SENTENCIA DO TSXG NO R.C.A. Nº 6442/98, QUE DESESTIMA O RECURSO INTERPOSTO CONTRA RESOLUCIÓN DO CONSELLO DA XERENCIA DE URBANISMO SOBRE DEMOLICIÓN DE OBRAS. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 13.11.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, no recurso de queixa nº 145/2003 interposto contra Auto de 22.04.03, confirmado polo do día 18 de xuño seguinte, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección Segunda) do Tribunal

Superior de Xustiza de Galicia, polo que se acordou declarar a inadmisión do recurso de casación para a unificación de doutrina interposto contra a Sentencia de 19.12.02, dictada no recurso número 6442/98, interposto por D. Isauro Freijedo Santeiro contra resolución do Consello da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo de 5.06.98 polo que se decretou a demolición das obras realizadas sen licencia na nave existente na rúa Cabalaria nº 56, consistentes na ampliación nuns 55 m2.

A Sala falla o seguinte:

“Desestima-lo recurso de queixa nº 145/03 interposto pola representación procesual de D. Isauro Freijedo Santeiro contra o Auto de 22.04.03, confirmado polo do día 18 de xuño següinet, da Sala do Contencioso-Administrativo (Sección Secunda) do Tribunal Superior de xustiza de Galicia, dictados no recurso número 6442/98, e, en consecuencia, confirma a inadmisión do recurso de casación para a unificación de doutrina, debendo poñerse esta resolución en coñecemento do expresado Tribunal para a súa constancia nos autos sen facer especial pronunciamento sobre custas”.

A Xunta de Goberno queda enterada.

3(103).- SENTENCIA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 60/2003 INTERPOSTO POR RAMON MARTINEZ PEREZ CONTRA RESOLUCIÓN DE 9.12.02 DESESTIMATORIA DE REC. REPOSICIÓN EN RELACIÓN COA INSCRICIÓN NO PADRÓN DE EXACCIÓN UNIFICADAS DA EMPRESA CORONAMAR S.L. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 21.01.04 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Ramón Martínez Pérez como representante legal de Coronamar S.L. contra o acordo de 9.12.02 do alcalde do Concello de Vigo que resolve o recurso de reposición presentado con data 7.08.02 por D. Ramón Martínez Pérez, en representación da empresa Coronamar S.L. e no que se acorda rectificar con efectos 01.01.03 a inscrición 30379 do Padrón de Exaccións Unificadas Industriais que figura a nome de Coronamar S.L. polo establecemento sito na Praza Porto Pesqueiro (Lonxa) 9; no sentido de aplicar para o Padrón do ano 2003 a tarifa mínima de vivenda; actos que declaro axustados a dereito. Sen custas.”

A Xunta de Goberno queda enterada.

4(104).- SENTENCIA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 34/2003 INTERPOSTO POR MANUEL FAUCE CELA CONTRA RESOLUCIÓN DE 18.11.02 DESESTIMATORIA DE REC. REPOSICIÓN EN RELACIÓN COA DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN INGRESOS INDEBIDOS. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 13.01.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por Manuel Fouce Cela contra resolución de 18.11.02 do tesoureiro do Concello de Vigo que desestima o recurso de reposición interposto polo recorrente fronte a resolución da Tesourería de data 19.09.02 que desestima a solicitude do recorrente de devolución da cantidade de 240,54 € ingresados con data 7 de novembro de 2001; actos que declaro axustados a dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada.

5(105).- SENTENCIA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 71-2003 INTERPOSTO POR JOSE FERRO VÁZQUEZ CONTRA RESOLUCIÓN DE 22.07.02 DESESTIMATORIA DE REC. REPOSICIÓN CONTRA ORDE DE RETENCIÓN SOBRE CONTA DO DEMANDANTE EN CAIXANOVA. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 21.01.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por José Ferro Vázquez contra resolución de 22.07.02 do tesoureiro do Concello de Vigo que desestima o recurso de reposición interposto contra orden de retención practicada polo Concello de Vigo, sobre a conta aberta polo demandante na entidade Caixanova nº 20800000722850500, practicada no expediente 31578/2002, en relación co imposto sobre vehículos de tracción mecánica dos exercicios 1998 a 2001, ambos inclusive, por un total de 308,12 €; actos que confirmo ó considera-los axustados a dereito. Sen custas.”

A Xunta de Goberno queda enterada.

6(106).- SENTENCIA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 175/01 INTERPOSTO POR FRANCISCO MARTÍNEZ NÚÑEZ CONTRA ACORDO PLENARIO DO 26.02.01 QUE APROBA ORZAMENTO DO CONCELLO DE VIGO-ANO 2001, DESESTIMANDO ALEGACIÓN PRESENTADA POLO DEMANDANTE. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 21.01.04, dictada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Desestimo, ó non ser conforme a dereito a pretensión exercitada, o recurso contencioso-administrativo interposto por Francisco Martínez Muñoz contra o acordo do Pleno da Excm. Corporación Municipal do Concello de Vigo de 26.02.01, que desestima a alegación formulada polo recorrente fronte ó

Proxecto de presuposto do Excmo. Concello de Vigo para o ano 2001, en relación ó complemento específico asignado (nivel 74) ó posto de traballo que desempeña o recorrente, suboficial da Policía Local. Sen custas.”

A Xunta de Goberno queda enterada.

7(107).- SENTENCIA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 205/03 INTERPOSTO POR FELIPE DOMINGUEZ NOVOA CONTRA ACORDO PLENARIO DE 24.02.03 QUE DISPÓN O DESAFIUZAMENTO DA VIVENDA DO PORTEIRO CONSERXE DO CEIP EMILIA PARDO BAZÁN. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 7.01.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por Felipe Domínguez Novoa contra acordo do Pleno do Concello de Vigo de 24.02.03, que dispón o desafiuamento do recorrente da vivenda do porteiro conserxe do CEIP Emilia Pardo Bazán, acto que declaro axustado a Dereito. Sen custas”.

A Xunta de Goberno queda enterada.

8(108).- AUTO DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 116/03 INTERPOSTO POR PESCADOS RODRIGUEZ HERVELLA S.L. CONTRA RESOLUCIÓN DE 24.02.03 DESESTIMATORIA DE SOLICITUDE DE ANULACIÓN RELATIVA A EXACCIÓNS UNIFICADAS INDUSTRIAIS 2002. DESESTIMENTO.

Dáse conta do auto de data 12.01.04, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no recurso de referencia, que dispón o seguinte:

“Tense por desistido no seu recurso contencioso-administrativo á letrada María Soledad Landriz Fernández en nome e representación de Pescados Rodríguez Hervella S.L. Sen condea en custas.”

A Xunta de Goberno queda enterada.

9(109).- AUTO DO TSXG NO REC. DE APELACIÓN Nº 4181/03 INTERPOSTO POR EDUARDO REGUEIRO DOMINGUEZ CONTRA AUTO DO X.DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 54/2003 SOBRE INACTIVIDADE DA ADMINISTRACIÓN EN REPARACIÓN DE VIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta do auto de data 9.01.04 dictado pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no recurso referido interposto contra auto do 20.03.03 do Xulgado do Contencioso nº 1 de Vigo, que declara inadmisibile o rec. contencioso administrativo nº 54/2003 (interposto por desestimación presunta a escrito presentado o 5.08.02, solicitando a reparación e mantemento do vial correspondente ó ramal 3 de Sampaio de Abaixo) por non existir inactividade administrativa susceptible de impugnación. A Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia acorda:

“Desestimamos o recurso de apelación deducido contra o auto dictado en 20.03.03 polo Sr. Magistrado Xuíz do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo no procedemento ordinario 54/2003 de que este rolo dimana, impondo ó apelante as custas desta apelación.”

A Xunta de Goberno queda enterada.

10(110).- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 14.030.591, 14.011.334, 16.030.463, 16.030.505 E 16.016.335 DE 301.

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das traballadoras sociais e de acordo cos informes proposta do xefe do Sector de Acción Social, conformados polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda dar de alta no Servicio ás seguintes persoas:

- D^a. María Milagros Pérez Moreira. Expte. 14.030.591/301.
- D^a Natalia Ogando Lorenzo. Expte. 14.011.334/301.
- D. Manuel Fernández Pino. Expte. 16.030.463/301.
- D. Francisco Lago Lago. Expte. 16.030.505/301.
- D^a. Concepción Alvarez López. Expte. 16.016.335/301.

11(111).- BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS POLA ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS E ACTIVIDADES DURANTE O ANO 2004. EXPTE. 4290/333.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico, de 21.01.04, e de fiscalización, do 4.02.04, favorables, o documento contable A pola contía do gasto que se vai realizar e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, de 21.01.04, conformado pola concelleira delegada da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno, acorda:

Aproba-las Bases da convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de eventos deportivos durante o ano 2004. Autorizando un crédito de 90.150 Euros con cargo á partida 4521 489 00 01 do orzamento de 2004.

Bases da convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas para a organización de eventos deportivos durante o ano 2004.

Exposición de motivos:

O Servicio de Deportes, nos últimos

anos, ven desenvolvendo un programa para subvencionar os eventos deportivos que as entidades desenvolven na cidade de Vigo.

O outorgamento das subvencións se realizou baixo o marco das bases que cada ano aprobaba o Concello de Vigo. Tendo en conta a experiencia destes anos no desenvolvemento deste programa, e co obxecto de perfeccionar distintos aspectos na tramitación do expediente é polo que se revisan as Bases, axustándoas á realidade actual, na que presentan actividades deportivas unhas 32 modalidades.

Cómpre subliñar que en Vigo, cada ano, se desenvolven sobre 160 eventos deportivos, sendo competencia deste servizo o instrumentar programas destinados ó fomento dos eventos máis axeitados para a dinámica deportiva da cidade.

A Lei 11/1997, de 22 de agosto, Xeral do Deporte de Galicia, no seu artigo 13.1 sinala como competencia dos concellos a de fomentar e promover a actividade deportiva: Esta convocatoria vai a instrumentar o programa de subvencións a entidades deportivas sen fin de lucro para a organización de eventos deportivos. Con tal motivo e no marco das súas competencias o Concello de Vigo, a través do Servicio de Deportes, regula o acceso ás subvencións a través destas Bases e a tal fin destina no seu orzamento do ano 2004 a cantidade de 90.150 Euros con cargo á partida orzamentaria “4521 489 00 01- Subvención a eventos deportivos” do orzamento prorrogado.

Por todo isto se convocan as subvencións para as entidades deportivas para a organización de eventos deportivos en Vigo. A convocatoria destas subvencións se efectuará baixo os principios de publicidade, concorrència e obxectividade.

Artigo 1. Lexislación aplicable.

A lexislación aplicable ás Bases desta convocatoria é a seguinte: lexislación básica do estado, con carácter supletorio, a lexislación estatal non básica, a normativa autonómica, e as normas, que no uso da súa potestade regulamentariamente aprobe, ou teña aprobadas, o Concello de Vigo.

Artigo 2. Natureza e contía das axudas.

2.1. A presente convocatoria ten por finalidade promover en réxime de concorrència competitiva entre as entidades deportivas sen fin de lucro que reunan os requisitos establecidos nesta Bases, co obxecto de fomentar o deporte. Sendo o seu finalidade o promocionar a organización de eventos deportivos e actividades organizadas polos clubs e entidades deportivas durante o ano 2004.

2.2 A contía da subvención se determinará pola Xunta de Goberno Local consonte cos criterios de avaliación establecidos no artigo 12 das presentes Bases, tralos informes correspondentes.

2.3 A entidade deportiva solicitante deberá declarar todas as subvencións que teña obtido ou solicitado para a organización do evento subvencionable que teña solicitado.

2.4 A subvención concedida se destinará exclusivamente a cubrir os gastos directamente relacionados coa organización do evento ou actividade para o que se solicita a subvención.

Artigo 3. Requisitos dos solicitantes e beneficiarios.

3.1. Poderán solicitar axudas á presente convocatoria os clubs deportivos, asociacións deportivas, e entidades deportivas que cumpran os requisitos que establece esta convocatoria, e que desenvolvan a actividade ou evento a subvencionar na cidade de Vigo. Asemade deben ter personalidade xurídica propia e sen finalidade lucrativa.

3.2 Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As entidades que teñan fin lucrativo.
- As entidades deportivas que teñan carácter profesional.
- Os eventos deportivos que se desenvolven todos os anos e que na súa organización participa ou asesora o Servicio de Deportes como son: o Cidade de Vigo de Fútbol, o Cidade de Vigo de Hoquei Patíns, Concurso Hípico...etc.
- As entidades deportivas as que, o Servicio de Deportes, lles outorgue trofeos polo importe da subvención con cargo ó orzamento de 2004.

Artigo 4. Financiamento da convocatoria.

A financiamento das axudas e subvencións concedidas ó amparo destas Bases, será con cargo á partida orzamentaria do orzamento prorrogado para 2004 – 4521 489 00 01- Subvencións a eventos deportivos- por un importe total de (90.150 Euros).

Artigo 5. Formalización das solicitudes e documentación.

5.1 Comprende a instancia de solicitude e os distintos cuestionarios de solicitude e a documentación requirida nestas Bases. Os cuestionarios de solicitude, os impresos de solicitude e demais documentación se atopan a disposición dos interesados nas oficinas do Servicio de Deportes do Concello de Vigo, Praza do Rei s/n. 10ª planta.

5.2. A instancia de solicitude estará dirixida á Concelleira Delegada da Área de Promoción Economía e Desenvolvemento Local. A formula o representante legal da entidade petionaria e se presentará no Rexistro Xeral do Concello de Vigo; ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

5.3. A cada exemplar de instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación.

- a) Modelos dos Cuestionarios e certificados de solicitude correspondentes do anexo I.
- b) Datos referentes o evento para o que se solicita a subvención: características xerais, categoría do evento, numero de deportistas participantes, e de selo caso, de equipos participantes, así como os aspectos máis salientables en relación coa importancia do evento.
- c) Certificado do secretario da entidade do orzamento de ingresos para a organización do evento.
- d) Certificado do secretario da entidade do orzamento de gastos para a organización do evento.
- e) Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante.
- g) Certificado de estar o corrente do pagamento coas obrigas tributarias do Concello de Vigo e os seus organismos autónomos.
- h) Fotocopia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- i) Tódolos datos referidos ó enderezo, código postal, etc.
- j) Acreditacion doutras axudas públicas concedidas para financiar a actividade ou evento para o que solicita a presente subvención.

Artigo 6. Prazo de presentación.

Os organizadores do evento ou da actividade deportiva poden facer a súa solicitude dende o día seguinte á publicación destas Bases na prensa local e no Taboleiro de anuncios do Concello de Vigo, e ata o día 29 de outubro

de 2004. En todo caso as solicitudes realizaranse a lo menos cun prazo de 15 días naturais antes do desenvolvemento do evento. Agás as que xa se celebraran antes desta convocatoria e dentro do ano 2004. E tamén as que se celebren nos 15 días seguintes ó día da publicación destas Bases.

Artigo 7. Subsanación da solicitude.

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presenta convocatoria, o solicitante será requirido para que, no prazo de 10 días naturais, contados a partir da recepción da notificación, complete a documentación ou amañe a falla, con advertencia de que se non o fixera, se lle terá por desistida a súa solicitude, e arquivarase o expediente.

Artigo 8. Avaliación e proposta de resolución.

- 8.1 A avaliación das solicitudes presentadas a esta convocatoria, se realizará mediante un proceso interno de avaliación que levará a cabo o técnico do Servizo de Deportes.
- 8.2 O Servizo de Deportes valorará as solicitudes presentadas tendo en conta os criterios e baremos que figuran no artigo 12. Os datos a baremar corresponderán á actividade ou evento para o que se solicita subvención.
- 8.3 O Servizo de Deportes elevará a proposta de resolución a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

Artigo 9. Aceptación e obrigas que comportan a concesión de subvención.

- 9.1 A aceptación por parte dos adjudicatarios da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fin de lucro.
- 9.2 O órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.
- 9.3 Os beneficiarios das subvencións obríganse a:
 - a) Cumprir todas as normas establecidas nas Bases da convocatoria
 - b) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
 - c) Deberán empregar-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan.
 - d) Realizar a actividade deportiva subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.
 - e) En todas as publicacións, carteis, rótulos...etc, é indispensable mencionar ó “Concello de Vigo” como entidade financiadora.
 - f) Deberá figurar no lugar no que se desenvolve o evento unha pancarta ou cartel coa leenda “CONCELLO DE VIGO”.
- 9.4 Unha vez concedidas as subvencións, o Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, poderá comproba-lo correcto destino da subvención, procedendo no suposto de non se-lo prefixado, á revocación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar do Concello de Vigo novas peticións. Igualmente actuará coas solicitudes que non presenten os xustificantes en tempo e forma.

Artigo 10. Xustificación das axudas

10.1 A resolución da Xunta de Goberno Local seralles notificada ós interesados. Para tramita-lo pago do importe da subvención concedida, terán que achegar, a seguinte documentación:
Xustificantes (facturas orixinais que deberán recolle-lo número de CIF, a data, o número de factura e o IVE correspondente) dos gastos relacionados coa solicitude da subvención solicitada pola entidade deportiva. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas polo art. 3 do RD 2402/85, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e

profesionais. Nestas facturas se computara o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que este exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos ocasionados pola organización da actividade ou evento.

Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura no anexo II destas Bases (Modelos para a xustificación).

Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación co outorgamento da subvención.

As facturas que se presenten como xustificante terán que estar conformadas pola entidade emisora.

10.2 Ningunha entidade deportiva adxudicataria das subvencións, poderá percibila, mentres teña débedas por calquera concepto co Concello de Vigo e os seus organismos autónomos. A tal efecto presentarán certificado no que conste estes extremos.

10.3 No caso de non presenta-la documentación deste apartado, o expediente de subvención será revocado coa conseguinte perda da subvención.

10.4 A presentación de xustificantes en ningún caso excederá o prazo do 15 de decembro de 2004. En caso contrario perderase o dereito a percibi-la axuda. Non obstante o anterior a Xunta de Goberno Local poderá ampliar o prazo destas xustificacións se ocorreran excepcionais debidamente acreditadas.

Artigo 11. Reintegro das contías percibidas:

Segundo o Texto Refundido da LGP, e demais normativa local en materia de facendas locais, procederá ó reintegro das contías percibidas e a esixencia do interese de demora dende o momento do pago das subvencións, nos seguintes casos:

Incumprimento da obriga da xustificación

Obte-la subvención sen reuni-las condicións requiridas, unha vez acreditados pola administración municipal tales extremos.

Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi concedida

Incumprimento das condicións impostas as entidades colaboradoras e beneficiarios con motivo da concesión da subvención.

Realización por parte do beneficiario dunha actividade ou prestación dun servizo, cun custo inferior á subvención recibida, proveña dista administración ou de distinta ou ente público ou privado, estatal ou internacional.

Sen prexuízo do previsto no presente artigo, a falsedade ou calquera outra conducta punitiva porase en coñecemento da xurisdicción penal por parte do Concello de Vigo.

Artigo 12. Baremo e criterios de avaliación.

O baremo e criterios para avaliar as solicitudes desta convocatoria é o seguinte:

1.- Eventos periódicos ou de especial relevancia.

- Pola difusión da imaxe da cidade: ata un máximo de 18.000 Euros.
- Pola importancia deportiva do evento: ata un máximo de 12.000 Euros.

2.- Resto dos eventos.

a) Polo ámbito do evento:

- Eventos de ámbito estatal (Final campionato de España ou similar): ata un máximo de 6.000 Euros.

- Eventos de ámbito galego (Campionato galego ou similar): ata un máximo de 1.800 Euros.
- Eventos de ámbito provincial ou local. Ata un máximo de 1.600 Euros
- b) Importancia do evento ou actividade deportiva para a cidade: ata un máximo de 3.000 Euros (valorarase a repercusión que tivo ou pode ter a actividade para Vigo, en aspectos como imaxe para cidade, repercusión deportiva...etc).
- c) Importancia social do evento: ata un máximo de 1.800 Euros.
- d) Número máximo de participantes (real ou previsto). Ata un máximo de 1.800 Euros.
- f) Outros aspectos sobranceiros. Ata un máximo de 600 Euros.

12(112).-PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE TROFEOS PARA EVENTOS DEPORTIVOS. EXPTE. 2811/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado do Servicio de Contratación, do 19.12.03, conformado pola concelleira de Deportes e pola interventora xeral, que di o seguinte:

Por acordo da Comisión de Goberno de 17-12-2001, se adjudicou o procedemento negociado para a subministración de trofeos destiñados a serén empregados como premios institucionais para os eventos e actividades deportivas que e desenvolven en Vigo a Manuela Pol Seoane.

Na cláusula II do prego de condicións que rexiu a contratación establecíase como prazo do contrato o de un anos dende o día seguinte a aquel no que se asine o contrato en documento administrativo (14-02-2002). En esta mesma cláusula prevíase a posibilidade de prorroga-lo contrato por dúas anualidades máis previo acordo expreso do órgano de contratación.

O director deportivo do IMD propón a prorroga do contrato.

A vista das anteriores consideracións proponse a Comisión de Goberno do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Autoriza-la prorroga para o periodo comprendido entre o 14-02-2004 ó 13-02-2005 do contrato para a execución da subministración de trofeos destiñados a serén empregados como premios institucionais para os eventos e actividades deportivas que e desenvolven en Vigo adjudicado a Manuela Pol Seoane por acordo da Comisión de Goberno de 17-12-2001

2º O expediente tramítase como anticipado de gasto, condicionando a súa execución a existencia de crédito adecuado e suficiente no presuposto do ano 2004.”

Consta no expediente documento contable AD polo importe de 30.050,61 € para o gasto que se vai realizar, emitido con data 7.01.04.

Acordo

A Xunta de Goberno, á vista da documentación obrante no expediente, acorda:

Autoriza-la prorroga para o periodo comprendido entre o 14-02-2004 ó 13-02-2005 do contrato para a execución da subministración de trofeos destiñados a serén empregados como premios institucionais para os eventos e actividades deportivas que e desenvolven en Vigo adxudicado a Manuela Pol Seoane por acordo da Comisión de Goberno de 17-12-2001.

13(113).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN PARA INCLUIR NA NÓMINA NO MES DE FEBREIRO.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da interventora xeral, do 02.02.04, a Xunta de Goberno acorda:

Aproba-los gastos de locomoción do persoal municipal que de seguido se detallan para a súa inclusión na nómina do mes de febreiro:

SERVICIO	CLASIFICACION FUNCIONAL	IMPORTE
1210	Conserxeria	1.394,00
1212	Parque Mobil	232,73
1216	Patrimonio e contratación	118,15
2220	Seguridade	154,36
3130	Benestar Social	12,41
4130	Sanidade	75,48
4220	Educación	395,63
4324	Electromecánicos	110,84
4326	Parque e Xardins	61,20
4328	Infraestructuras	1.081,82
4420	Limpeza	442,85
4440	Omic (Dietas 110,56)	159,52
4513	Museo Quiñones de León	64,76
4520	Xuventude	400,52
4631	Participación Cidadá	22,44
4633	Normalización Lingüística	39,80
5110	Vías e Obras	2.411,05
TOTAL		7.177,56

14(114).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
------	--------	---------	-----------	----------	---------

ALONSO CACHEIRO PILAR	0401300	120,00.-	120,00.-		
“	0401302	200,00.-	200,00.-		
“	0401301	18,33.-	18,33.-		
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	0401025	60,10.-	60,10.-		
CARNEIRO MINIÑO PILAR	0355455	500,00.-	500,00.-		
GONZALEZ CARRASCO TERESA	0401299	120,00.-	120,00.-		
“	0401297	200,00.-	200,00.-		
“	0401298	13,83.-	13,83.-		
TOTAL			1.232,26.-		

15(115).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS CONSTITUÍDO POLA REALIZACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA OFEITOAMAN. EXPTE. 69283/210/04.

Antecedentes

En data 7 de novembro de 2003, por parte da ASOCIACION GALEGA DE ARTESANS, constituíuse un aval de 900 € para responder dos posibles danos derivados da celebración da exposición da feira de artesanía OFEITOAMAN, do día 20 de decembro de 2003 ata o 5 de xaneiro de 2004.

Finalizada dita celebración, o Enxeñeiro de Montes en data 29 de xaneiro de 2004 informa que procede a devolución da fianza por non observar danos apreciábeis.

A xefa de Seguridade e Transportes, con data 30.01.04, emite informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 7 de novembro de 2003 pola ASOCIACION GALEGA DE ARTESANS, con NIF G-15128275, por un importe de 900 €, para responder dos posibles danos con motivo da celebración da exposición da feira de artesanía OFEITOAMAN, por non producirse danos na vía pública.

16(116).- RECLAMACIÓN DE DANOS:

a) PILAR PÉREZ RINCÓN. EXPTE. 14908/240/02. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Xestión do Servizo de Patrimonio e Contratación do 14.11.03, conformado polo xefe de Réxime Interior, sobre a reclamación de

D^a Pilar Pérez Rincón por danos ocasionados como consecuencia dunha caída producida na intersección das rúas Barcelona e Servilla debido a un desnivel dunha tapa de rexistro, visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia, do 19.01.04 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servicio de Patrimonio data 26.01.04, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

1º.- Desestima-la reclamación de D. PILAR PÉREZ RINCÓN por non existir nexo de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público, presuposto mínimo necesario para que poida producirse a responsabilidade patrimonial da Administración

2º.- Así mesmo, comunica-lo acordo ó secretario xeral do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

b) **SALVADOR RESÚA TORRES. EXPTE. 14823/240/02. DESESTIMADA.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de xestión do Servicio de Patrimonio e Contratación do 2.12.03, conformado polo xefe de Réxime Interior, sobre a reclamación formulada por D. Salvador Resua Torres por danos ocasionados ó seu vehículo como consecuencia dunha focha na rúa Manuel Alvarez, visto o dictame favorable do Consello Consultivo de Galicia, do 19.01.04 e de acordo co informe-proposta xefe do Servicio de Patrimonio de data 26.01.04, a Comisión de Goberno, por unanimidade, acorda:

1º.- Desestima-la reclamación de D. Salvador Resúa Torres por non ser probado que os danos se producisen no lugar indicado polo reclamante, nin o nexo de causalidade co funcionamento do servizo público, presupostos mínimos necesarios para que se produza a responsabilidade patrimonial da Administración municipal.

2º.- Así mesmo, comunica-lo acordo ó secretario xeral do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e ós efectos do previsto no artigo (33-1-i) do devandito Regulamento.

17(117).- AUTORIZACIÓN Á ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DO MERCADO DAS TRAVESAS PARA A REALIZACIÓN DA 1ª FASE DAS OBRAS DE REFORMA EN DITO MERCADO. EXPTE. 15361/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio e Contratación, do 29.01.04., en relación co asunto de referencia, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN.

- LRBRL (L.7/85 de de 2 de abril Reguladora de las Bases de Reximen Local)
- TRRL (R.D.L. 781/1986 de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de reximen Local.)
- RSCL.(Decreto de 17 xuño de 1955, do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais)
- RCCL. (Decreto 9 de enero de 1953 do Regulamento de Contratación das Corporacións Locais)
- LCE. (D.923/1965 de 8 de abril do Texto Articulado da Lei de Contratos do Estado)
- RXCE. (D. 3410/1975 de 25 de novembro do Regulamento Xeral de Contratación do Estado)
- LCAP. (L.13/1995 de 18 de maio de Contratos das Administracións Públicas)
- L.53/1999 de modificación da LCAP.
- TRLCAP. (R.D.L. 2/2000 de 16 de xuño do texto Refundido la Lei de Contratos das Administracións Públicas).

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Mediante escrito que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello o 24/10/03 a Asociación de Empresarios do Mercado das Travesas de Vigo, concesionaria do mercado municipal das Travesas, solicita autorización para a execución da 1ª fase de reforma do mercado das Travesas.

SEGUNDO.- O arquitecto municipal de Patrimonio informou en data 17/12/03 en relación as obras de reforma do mercado plantexadas pola concesionaria, e que se conteñen no Proxecto de remodelación do edificio do Mercado das travesas, redactado polo Arquitecto Ricardo Salgado Dalgado en decembro do 2002 e visado polo COAG en data 24/10/2003.

O arquitecto municipal, a vista do proxecto presentado, ratifícase no seu informe de 14/03/03 no que estimaba-as convenientes en función do maior servicio ó consumidor, o tempo que o considera actualizado e axeitado os estándares habituais nas galerías comerciais alimentarias.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O Pleno municipal en sesión do 31/08/94 resolveu o concurso convocado para a adxudicación, en réximen de concesión administrativa de servicios, da xestión e explotación dos mercados municipais, entre outros o correspondlente o Mercado das Travesas, do que resultou adxudicatario a Asociación de Empresarios do Mercado das Travesas, e de acordo co prego de condicións administrativas aprobadas polo Pleno municipal en data 30/11/1993, e a oferta presentada. Acordo de adxudicación que formalizouse en documento administrativo, subscrito entre as partes en data 24/10/1994 e autorizado polo secretario xeral en funcións do Concello de Vigo.

SEGUNDO- A solicitude da autorización para a execución de obras no Mercado das Trabesas, formulada pola Asociación de Empresarios do Mercado das Travesas efectúase en cumprimento do disposto na Clausula IV.1.i) do Prego de Condicións administrativas que rixe a concesión administrativa da que e titular, e consonte a cal, a concesionaria non podera realizar obras de primeiro establecemento, reforma ou reparación que afecten o inmovible e espazos de utilización comun sen previa autorización do Pleno Municipal, se ben de autorizalas serán por conta do concesionario sen dereito a indemnización nen pagamento ó vencemento da concesión.

Asi mesmo establecece, que o vencemento da concesión, reverterán a Administración Municipal, a totalidade dos edificios e dos locais e instalacións (Clausula II.3 do Prego de Condicións).

TERCEIRO.- No presente caso, e a tenor do informe favorable do arquitecto de patrimonio sobre as obras de refuerzo e reforma interesadas pola concesionaria para o Mercado, e que as mesmas estimansen convenientes para o mellor funcionamento e servizo do Mercado, non existe inconveniente en acceder o interesado pola concesionaria, debendo executarse con estricte suxección o proxecto técnico presentado, e dacordo co previsto no prego de condicións, e sin prexuízo da preceptiva licenza de obra e instalacións que o efecto instarase da Xerencia de Urbanismo e o seu otorgamento resultara supeditada a presente autorización.

CUARTO.- Resulta competente para a adopción do presente acordo, A Xunta de Goberno Local, en virtude das novas competencias que lle foron atribuídas pola L.57/2003 de medidas para a modernización do Goberno Local (art.127.1.f).

En mérito ó que antecede propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

UNICO.- Autorizar a Asociación de Empresarios do Mercado das Travesas a realización da 1ª fase das obras de reforma no Mercado Municipal das Travesas consonte o Proxecto de remodelación do edificio do Mercado das travesas, redactado polo Arquitecto Ricardo Salgado Salgado en decembro do 2002 e visado polo COAG en data 24/10/2003, e de conformidade co disposto no prego de condicións administrativas aprobadas polo Pleno municipal en data 30/11/1.994”.

A Xunta de Goberno acorda aproba-la proposta que se contén no precedente informe.

18(118).- RECLAMACIÓN DA COMUNIDADE DE MONTES DE CABRAL EN RELACIÓN COA FINCA Nº 200 AFECTADA POLA OBRA DA AUTOPISTA A9 TRAMO RANDE-PUXEIROS. EXPTE. 16688/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio e Contratación, do 19.01.04., en relación co asunto de referencia, conformado polo xefe de Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Mediante escrito que tivo entrada no rexistro xeral neste concello con data 29 de outubro de 2003 D. Luís Rodríguez Pérez actuando na súa condición de presidente da Comunidade de Montes en Man Común de Cabral solicitou que se procedese por esta administración a devolución a dita comunidade de montes de todas cantidades que en concepto de xusto prezo así como por calquera outro concepto houbera percibido ata a data en relación coa finca número 200 da obra Autopista A9 tramo Rande Puxeiros expropiada pola Demarcación de estradas do estado. Así mesmo interesa lle sexa recoñecido a dita comunidade por parte do Concello á condición de suxeito expropiado en relación a dita finca, e igualmente se lle poña en coñecemento o estado en que se atopa a tramitación do correspondente expediente da finca número 200.

A teor da reclamación formulada pola comunidade de montes veciñais en man común procede informar o seguinte:

1º *Por medio do convenio expropiatorio do 12 de febreiro de 2003 suscrito entre este Concello e a Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Cabral, quedou resolta a retaxación da parcela*

número 1 de 206.000 m² que foi obxecto de expropiación por esta administración no acordo plenario 31 de decembro de 1990, adecuándose os termos do convenio á realidade física da parcela existente na actualidade. Así mesmo no convenio acórdase a reversión a favor da comunidade de montes veciñais en man común de Cabral e nunha superficie de 62.569 m² a parte non destinada ós fins expropiatorios.

De acordo co contido da cláusula sétima “os comparecentes renuncian expresamente o exercicio do dereito de reversión sobre a parcela expropiada así como de calquera acción ben sexa de tipo xudicial ou administrativa, con desinzamento das xa iniciadas, especificamente a interposta ante a sala do contencioso administrativo do TSXG baixa o número 3/9352/1998, impugnando o acordo plenario de data 3 de agosto de 1998, desestimatorio da solicitude de retaxación”.

2º No que respecta o solicitado sobre o recoñecemento da condición de expropiado da parcela número 200, así como da posta en coñecemento do expediente, procede sinalar que o expediente de expropiación foi tramitado pola Demarcación de Carretara do Estado de Galicia na súa condición de administración expropiante recoñecéndose por esta o Concello a titularidade da parcela número 200 e conseguintemente a condición de suxeito expropiado en virtude de resolución dictada en data 5/10/99. Recoñecemento que foi impugnado pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Cabral séndolles desestimada pola administración expropiante mediante resolución adoptada o 8 de outubro de 2001.

En virtude da condición de suxeito expropiado, recoñecida expresamente ó Concello pola administración expropiante, percibiuse a contía indemnizadora que en dereito lle corresponde como consecuencia da expropiación da finca 200 (pertencente a finca nº 1 de 206.000 m² obxecto da expropiación acordada polo Pleno do 31/12/90).sen que disto poidase derivar, en modo algún, enriquecemento inxusto por este concepto.

Por todo o anteriormente exposto proponse o Pleno Municipal tralo ditamen da Comisión Informativa de Réxime Interior a adopción do seguinte acordo:

1º Declarar a inadmisibilidade da reclamación presentada pola comunidade de montes veciñais en man común de Cabral consonte o disposto na cláusula sétima do convenio de data 12 de febreiro de 2003, isto sen prexuízo de que con respecto o fondo do solicitado resultase improcedente a súa petición polos motivos que quedan expostos nos antecedentes do presente acordo.

2º Informar a comunidade de montes veciñais en man común de Cabral que non compete a esta administración o recoñecemento da condición de expropiado desa comunidade en relación a parcela número 200 da obra do tramo Rande Puxeiros.

3º Poñer en coñecemento da Comunidade de Montes Veciñais en Man común de Cabral que a información sobre a situación do expediente da parcela número 200 expropiada deberá ser requirida da Demarcación de carreteras do estado de Galicia, organismo que iniciou e levou a efecto a expropiación.

A Xunta de Goberno acorda aproba-la proposta que se contén no precedente informe.

19(119).- ALUGUER DO LOCAL SITUADO NA PLANTA BAIXA DO EDIFICIO Nº 10 DA RÚA REAL PARA A “CASA DO CESTEIRO”. EXPTE. 2017/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio Histórico, do 9.01.04., en relación co asunto de referencia, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio Histórico, que di o seguinte:

ANTECEDENTES.-

O Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o día 27 de xaneiro de 1998, acordou o aluguer, mediante o procedemento de contratación directa, do local situado na planta baixa do edificio sinalado co nº 10 da rúa Real desta cidade, do que son propietarios D. Santiago Jesús Luis Portela Buján e D. Carlos Portela Buján, para establecer nel a denominada “Casa do Cesteiro”, iniciativa do Programa URBAN de recuperación e fomento da cestería popular, segundo as condicións esenciais que se contiñan no contrato de arrendamento.

Como en anos anteriores dende o acordo plenario, a principios de 2003 asínase un novo contrato de aluguer do local citado, aluguer que fora aprobado pola Comisión de Goberno no anterior mes de decembro. Neste documento contractual, que tiña vixencia ata o 31/12/03, se recolle, na súa estipulación segunda, a posibilidade dun acordo entre as partes para subscribir un novo contrato de aluguer para o presente ano 2004, renunciando expresamente ás prórrogas que, legalmente, poideran corresponder.

Neste sentido, a coordinadora de “A Casa do Cesteiro” informa o día 30/12/2003 do interese e a necesidade da sinatura deste novo contrato para continuar coas actividades que se veñen desenvolvendo no local citado. Así mesmo, a propiedade, a solicitude deste departamento, presenta a oferta para subscribir un novo documento de aluguer do local para o 2004, o que, a xuízo dos técnicos municipais, pode considerarse vantaxosa para os intereses municipais.

As condicións que deberán recollerse no documento contractual que se asine entre as partes serán as que seguen:

- *A duración do contrato será dende o 01/01/2004 ata o 31/12/2004.*
- *O prezo do aluguer que deberá satisfacer o Concello de Vigo á propiedade é de 884,92 euros/mes (IVE incluído), renda actualizada ó IPC anual.*
- *É condición do arrendador a renuncia expresa a prórrogas.*

Con respecto a estas condicións, cómpre dicir:

- *O local en cuestión resulta o idóneo para a actividade, sen que se teña atopado outro de características suficientes para albergar a Casa do Cesteiro. O aluguer deste local é a condición fundamental para que poida ter continuidade esta actividade municipal.*
- *O prezo do aluguer ofertado, atópase por debaixo dos prezos razoables de mercado de locais na zona (aproximadamente 1.000 pts/m²), tendo en conta que a superficie a alugar é de aproximadamente de 215 m². Neste sentido, hay que ter en conta o informe técnico do 13/10/1997, do que se incorpora copia a este expediente.*
- *A condición do arrendador da duración do contrato e da renuncia expresa ás prórrogas, se ben non é o idóneo para os intereses municipais, é insoslaible, polo que é posible aceptala en aras de poder continuar con este equipamento neste lugar.*

A este informe-proposta xúntase o modelo de contrato de arrendamento a asinar redactado polo departamento de Patrimonio Histórico.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

En informe separado.

En consecuencia, á vista do exposto e da demais documentación obrante no expediente de referencia, o Servicio de Patrimonio Histórico propón aprobar o seguinte:

O aluguer polo Concello de Vigo, mediante o procedemento de contratación directa, do local situado na planta baixa do edificio sinalado co nº 10 da rúa Real desta cidade, do que son propietarios D. Santiago Jesús Luís Portela Buján, co NIF 35.960.844-E, e D. Carlos Portela Buján, co NIF 35.957.809-T, para continuar co establecemento nel da “Casa do Cesteiro”, iniciativa que iniciouse dentro do Programa URBAN de recuperación e fomento da cestería popular, e que vén localizándose nel dende o ano 1998. As condicións esenciais deste contrato son as que seguen: A duración do contrato será de un ano, dende o 01/01/2004 ata o 31/12/2004 e o prezo do aluguer que deberá satisfacer o Concello de Vigo á propiedade é de 884,92 euros/mes (IVE incluído). O gasto poderá facerse con cargo á partida 4531.2020000.

A proposta está conformada pola interventora xeral e consta no expediente documento contable AD por importe de 10.619,04 €, o total do gasto que se vai realizar.

Acordo

A Xunta de Goberno, á vista da documentación obrante no expediente, acorda:

Alugar para o Concello de Vigo, mediante o procedemento de contratación directa, o local situado na planta baixa do edificio sinalado co nº 10 da rúa Real desta cidade, do que son propietarios D. Santiago Jesús Luís Portela Buján, co NIF 35.960.844-E, e D. Carlos Portela Buján, co NIF 35.957.809-T, para continuar co establecemento nel da “Casa do Cesteiro”, iniciativa que iniciouse dentro do Programa URBAN de recuperación e fomento da cestería popular, e que vén localizándose nel dende o ano 1998. As condicións esenciais deste contrato son as que seguen: A duración do contrato será de un ano, dende o 01/01/2004 ata o 31/12/2004 e o prezo do aluguer que deberá satisfacer o Concello de Vigo á propiedade é de 884,92 euros/mes (IVE incluído). O gasto poderá facerse con cargo á partida 4531.2020000.

20(120).-SITUACIÓN DO PERSOAL NO SERVICIO DE PATRIMONIO HISTÓRICO: DAR CONTA DO INFORME DO XERENTE DE URBANISMO SOBRE PROVISIÓN DE POSTO DE ARQUEÓLOGO MUNICIPAL. EXPTE. 1642/307.

Antecedentes

Con data 8.09.03 a Comisión de Goberno visto o expediente polo que se daba conta do escrito do xefe de Patrimonio Histórico solicitando a cubrición interina dun oficial xardiñeiro, un técnico medio e un

arqueólogo, acordou deixalo pendente e pasa-lo expediente ó Servicio de Patrimonio Histórico para que informara o concelleiro de dito servicio.

Na sesión de 22.09.03, dáse conta do informe da técnica de xestión do Servicio de Patrimonio Histórico, do 11.09.03, emitido seguindo instrucións do concelleiro delegado de dito Servicio, acordando a Comisión de Goberno deixa-lo expediente pendente.

Con data 21.10.03 D. José Manuel Hidalgo Cuñarro, funcionario inhabilitado deste Concello, arqueólogo, presenta no Rexistro Xeral escrito en relación coa cubrición interina do posto de arqueólogo municipal, amosando a súa disconformidade co procedemento proposto e solicitando a súa cubrición temporal mediante un contrato de asistencia técnica, do cal quedou enterada a Comisión de Goberno.

En sesión do 17.11.03, trátase novamente o asunto en sesión da C.Goberno, que acorda “solicitar ó obxecto de que se incorpore ó expediente, informe da Xerencia de Urbanismo no que se valore a conveniencia de proveer interinamente un posto de traballo de arqueólogo no Servicio de Patrimonio Histórico habida conta da posible incidencia de traballos desta actividade nas obras de urbanización e outras análogas”. O informe foi emitido polo xerente de Urbanismo o 16.01.04 , do que dá conta a esta Xunta de Goberno o xefe da Unidade de Persoal.

O contido literal do informe do xerente de Urbanismo é o seguinte:

En resposta ó oficio desa unidade de data 07.01.2004 e conforme ó acordado sobre o asunto en Comisión de Goberno do 17.11.2003, emítase o seguinte,

INFORME

I. CUESTIÓN PLANTEXADA

Solicítase desta Xerencia a emisión de informe «no que se valore a conveniencia de proveer interinamente un posto de traballo de arqueólogo no Servicio de Patrimonio Histórico habida conta da posible incidencia de traballos desta actividade nas obras de urbanización e outras análogas».

II. ANTECEDENTES

Os que constan no expediente administrativo municipal nº 1642/307.

III. INFORME

III.1. Como se sinala nos informes emitidos polo Servicio de Patrimonio Histórico, existe unha íntima conexión entre determinadas funcións que serían propias do posto de traballo de arqueólogo municipal e algunhas das competencias de índole urbanística atribuídas estatutariamente a esta Xerencia de Urbanismo, tales como:

- Informe de licencias nos ámbitos de protección/cautela arqueolóxica.*

- Informe de proxectos de intervención arqueolóxica vinculados á execución de planeamento secundario.
- Inspección e supervisión técnica de obras de urbanización.
- Xestión e execución de ámbitos de planeamento obxecto de especial protección (PERI Casco Vello, PEPRI de Bouzas, etc.).

III.2. Na práctica, a inexistencia dese posto de traballo ven incidindo de forma directa na actuación eficiente deste organismo autónomo que, para determinados proxectos de urbanización precisados de intervención arqueolóxica (p.ex. proxecto de obras ordinarias na rúa Juan Ramón Jiménez: Torrecedeira-Marqués de Valterra), vese na necesidade de recorrer á contratación por concurso público dunha asistencia técnica puntual; circunstancia que demorou en varios meses a execución dese proxecto.

III.3. Á marxe do anterior, a necesidade de contar cun servizo municipal de arqueoloxía con capacidade para intervir nos procesos de execución do planeamento foi xa posta de manifesto pola propia Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, en informe do 11.02.2003, relativo ó documento do PEPRI Casco Vello, actualmente en tramitación.

III.4. Resulta, pois, incuestionable a procedencia de proveer coa maior dilixencia posible o posto de traballo de arqueólogo municipal. Outra cousa é a concreta forma de proveelo (interinidade/asistencia técnica); cuestión que, evidentemente, non compete a esta Xerencia, aínda que por quen correponda deberán necesariamente valorarse aspectos tales como a natureza e permanencia das funcións a realizar e a responsabilidade implícita nelas.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do precedente informe e acorda que se inicien os trámites para a realización dun contrato de consultoría e asistencia para os traballos de arqueólogo que necesita o Concello.

21(121).- SOLICITUDE DE REINCORPORACIÓN Ó SERVICIO ACTIVO DE D. MANUEL BUENO HEREDIA, GARDA DA POLICÍA LOCAL, DECLARADO EN SITUACIÓN DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA POR INCOMPATIBILIDADE CO SEU POSTO DE CONDUCTOR-BOMBEIRO. EXPTE. 13972/220.

Este expediente retírase da orde do día a solicitude do interesado, presentada por escrito no Rexistro Xeral con data 6.02.04.

22(122).- XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE TOTAL DO FUNCIONARIO MUNICIPAL D. JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ MACÍAS, FUNCIONARIO DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS. EXPTE. 14581/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 30.01.04, en relación co asunto de referencia, que di o seguinte:

Antecedentes .

Con data de entrada no Rexistro xeral 26-11-2003, o INSS, a proposta da Inspección Mèdica, iniciou expediente de incapacidade nº 2003-510854-25, incoado a nome de D. JOSE LUIS RODRÌGUEZ MACÌAS (DNI 036111875-N y NASS 360079526680), funcionario municipal adscrito ó Servicio de Extinción de Incendios, recoñecéndolle unha incapacidade permanente no grado de TOTAL.-

Con data 05-12-2003 este Concello informa das cantidades aboadas ó interesado durante a súa permanencia en situación de incapacidade temporal dende o 30-08-2003 ata o 30-12-2003, data na que se lle procedeu a tramita-la súa BAIXA no seu posto de traballo de BOMBEIRO en servico activo e remitir ó INSS a correspondente COPIA do modelo TA-2/R, imprescindible para a xestión da súa pensión de incapacidade.

Posteriormente, o INSS remite novo escrito, de data de entrada 22-12-2003, no que se confirma o grado de incapacidade permanente TOTAL e os seus efectos así como a data (17-11-2005) a partires da que se lle pode insta-la revisión por agravación ou melloría (DOUS ANOS).

Posteriormente, con datas de entrada no Rexistro Xeral de 16 e 20 de xaneiro de 2004, o Sr. Rodríguez Macías presenta sendas instancias solicitando que se lle manteña nunha situación de servico activo compatible coa súa incapacidade permanente total.

Fundamentos de dereito .

Consonte ó disposto nos artigos 72 da Lei 4/88, de 26 de maio, da Función Pública de Galicia, D.Final 2ª da Lei 7/85, Reguladora das bases de réxime local , RD 480/93, de 2 de abril, sobre Réxime especial de Seguridade social dos Funcionarios da Administración local, en concordancia cos artigos 37.3 e 39.2 da lei de Funcionarios da Administración Civil (Decreto 315/64, de 7 de febreiro) e 136, 137, 143 do RD lexislativo 1/94, de 20 de xuño polo que se aproba o Texto Refundido da lei Xeral da Seguridade Social, Medida 8ª da Lei 24/97 de Consolidación e Racionalización do sistema da Seguridade Social, e Artigo 138.1 do Texto Refundido de disposicións de réxime local, a integración no réxime xeral da Seguridade Social dos funcionarios municipais comportará preceptivamente o pase á situación de baixa laboral por xubilación forzosa na súa profesión habitual, cando recaera a pertinente resolución de incapacidade permanente total por parte do Instituto Nacional da Seguridade Social.

Con relación ás solicitudes de permanencia no servico activo de datas 16 e 20 de xaneiro de 2004, presentadas polo Sr. D. Jose Luis Rodríguez Macías, unha vez coñecida por este a declaración de invalidez total permanente polo INSS para a súa profesión habitual de bombeiro, entendemos que procede a súa desestimación, logo que resultando de preceptiva declaración a situación de xubilación forzosa para a súa profesión habitual de bombeiro, non resulta posible, de acordo coa vixente lexislación en materia de Función Pública , proceder a súa adscripción a nengun posto de traballo que figure reservado a funcionarios doutra Escala, subescala ou grupo de titulación, agás que dito funcionario tivese igualmente en propiedade outra praza distinta a aquela para a que se lle declarou a invalidez, e sempre e cando o INSS autorizase obviamente a compatibilidade das súas lesións permanentes co desempeño da praza.

Precisamente por esta circunstancia o artigo 2 do RD 266/98, de 11 de decembro, preceptúa que “ os funcionarios que perderan a súa condición de tales , por algunha das causas que se expresan a continuación , poderán solicita-la rehabilitación nos seguintes supostos : 2. Xubilación por incapacidade permanente. Procederá solicita-la rehabilitación do funcionario xubilado por incapacidade permanente cando desapareza a incapacidade que motivou a súa xubilación e así quede acreditado mediante dictamen médico emitido polo órgano ó que se refire o apartado 3 do artigo 4 deste Real Decreto “.

De conformidade co propio apartado 3º do artigo 4, do RD 266798, este órgano non será outro que o INSS.

A maior abundamento do exposto, remitímonos ó abundado informe de data 20 de xaneiro de 2004, emitido polo Secretario xeral adxunto e Titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno local, que convivimos en transcribir :

“ O artigo 138.1 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de réxime local (TRRL), a condición de funcionario de carreira pérdese, entre outras causas, pola xubilación forzosa, que segundo o artigo 139.1 da mesma Lei, terá lugar de oficio ou a petición do interesado, por «incapacidade permanente para o exercicio das súas funciónes».

Tendo en conta que a incapacidade permanente no seu grado de total, segundo o artigo 137.4 do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (LXSS), aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, é aquela que inhabilita ao traballador para a realización de todas ou das fundamentais tarefas da súa profesión, estamos ante o suposto de xubilación previsto no precepto citado e, en consecuencia, o Concello ven obrigado a declarar de oficio a xubilación do empregado público, xubilación que implica a perda da condición de funcionario.

Esta situación de xubilación é compatible co salario que o traballador poida obter pola realización de traballos diferentes a aqueles para os que está declarado afecto dunha incapacidade permanente, na «mesma empresa» ou noutra, polo que o xubilado por esta causa non estaría impedido para acceder a outro posto de traballo na Administración se reúne as condicións esixidas polas bases do procedemento selectivo (respectando o que establece o artigo 1.2 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades dos funcionarios). Ademais esta situación es revisable, como recorda a STS do 16/10/1990, de conformidade co artigo 143.1 da LXSS.

En relación coa posibilidade de que o funcionario interesado poida seguir en servizo activo con cargo a outro posto de traballo, entendido como "de segunda actividade", cabe facer as seguintes consideracións:

A regulación sobre postos de segunda actividade, sobretudo referente a servizos que requiren unhas boas condicións psicofísicas, como persoal de extinción de incendios e policía, está fragmentada como consecuencia do reparto vertical de competencias sobre estas actividades (Estado, Comunidades Autónomas e Concellos). Entre esta regulación pode citarse a seguinte:

Normativa referente a administración do Estado, como o Real Decreto 1556/1995, do 21 de setembro, de desenvolvemento e aplicación da Lei 26/1994, do 29 de setembro, polo que se regula a situación de segunda actividade no Corpo Nacional de Policía. A segunda actividade desenvólvese, incluso con carácter obrigatorio, por idade ou por causas psicofísicas, sempre que a intensidade da referida diminución non sexa causa de xubilación por incapacidade permanente para o servizo (artigo 11 do RD).

Normativa autonómica. Numerosas Comunidades Autónomas regulan a segunda actividade sobretudo en relación coas Policía Local (na Comunidade Autónoma de Galicia aínda non se fixo, polo que coñece o que subscribe). Outro exemplo de normativa autonómica é a Lei 14/1994, do 28 de decembro, da Comunidade de Madrid.

Normativa especificamente local. Practicamente se reduce ao que se establece no artigo 169 1. d) do RDL 781/1986, do 18 de abril que di que poderá establecerse a normativa adecuada para que os postos de traballo atribuídos a esta Subescala (de Subalternos de Administración Xeral) poidan ser desempeñados por funcionarios de Servicios Especiais (como Policía Local e Extinción de Incendios) que, por idade ou outras razóns, teñan diminuída a súa capacidade para misións de particular esforzo ou penosidade, pero que conserven a requirida para as tarefas de subalterno.

Tendo en conta esta normativa pode concluírse o seguinte:

O Concello de Vigo pode establecer supostos de segunda actividade para os seus funcionarios, o que deberá facerse con carácter xeral (para todos eles ou para todo o persoal das diversas Subescalas ou Corpos), desenvolvendo a lexislación vixente dentro dos límites da mesma. O persoal afectado sería en todo caso persoal en servizo activo e non alcanzaría o persoal xubilado por incapacidade permanente, sen prexuízo da revisión da xubilación.

A solicitude de D. José Luis Rodríguez Macías debe ser desestimada “.

Por todo iso se somete a consideración da Xunta Local de Goberno a seguinte proposta de resolución que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, á vista da documentación obrante no expediente e de conformidade co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, acorda:

Primeiro : DECLARAR ó funcionario integrado D. JOSE LUIS RODRÌGUEZ MACÌAS, provisto do DNI 36111875-N e nº persoal 79046, en situación de XUBILACIÓN POR INVALIDEZ PERMANENTE NO GRAO DE TOTAL, na súa categoría profesional do seu posto de bombeiro, con efectos dende o 30 de decembro de 2003, debendo reservarse o seu posto de traballo ata o 17 de novembro de 2005, segundo resolución da Dirección Provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social de data de entrada no Rexistro Xeral de 22-12-2003, de conformidade co informe proposta precedente de data 30 de xaneiro de 2003, que se transcribe como parte integrante deste acordo.

Segundo: Desestima-las súas solicitudes de permanencia no servizo activo de datas 16 e 20 de xaneiro de 2004, en atención ós informes precedentes que se transcriben como fundamentos deste acordo.”

23(123).-SENTENCIA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº. 1 DE VIGO, RECAÍDA NO PROC. ABREVIADO NÚM. 175/2001, SEGUIDO A INSTANCIA DE D. FRANCISCO MARTÍNEZ MUÑOZ (SUBOFICIAL POLICÍA LOCAL), EN SOLICITUDE DE COMP. ESPECÍFICO 78 EN LUGAR DO ASIGNADO (74). DESESTIMADO. EXPTE. 14582/220.

Dáse conta da sentenza de data 21.01.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, no proc. abreviado nº 175/2001, seguido a instancia de D. Francisco Martínez Muñoz que falla o seguinte:

“Desestimo ó non ser conforme a dereito a pretensión exercitada, o recurso contencioso-administrativo interposto por Francisco Martínez Muñoz contra o acordo do Pleno da Excma. Corporación Municipal do Concello de Vigo de 26 de febreiro de 2001, que desestima a alegación formulada polo recorrente fronte ó proxecto de Presuposto do Concello de Vigo para o ano 2001, en relación co complemento específico asignado (nivel 74) ó posto de traballo que desempeña o recorrente, suboficial da Policía Local

A Xunta de Goberno queda enterada.

24(124).- PROPOSTA PARA PROCEDER Ó PROCESO SELECTIVO DE 3 AXUDANTES DE OFICIO A TRAVÉS DO SERVICIO GALEGO DE COLOCACIÓN Ó OBXECTO DA SÚA CONTRATACIÓN TEMPORAL EN RÉXIME DE INTERINAXE. EXPTE. 14591/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, de data 2.01.04, que di o seguinte:

INFORME - PROPOSTA para o NOMEAMENTO DE PERSOAL INTERINO

A xefa do Servizo de Educación, mediante escritos de datas 13 de xaneiro ppdo., solicita a urxente cobertura de tres axudantes de oficios, con postos de vixiantes de instalacións municipais, para poder atender as funcións de bedelería e vixianza dos Colexios públicos de Chouzo –Emilia Pardo Bazán, Teis-Frián e do Instituto Municipal de Educación, logo que na actualidade figura vacante unha praza de vixiante de instalacións municipais por renuncia do seu titular o ter sido contratado en réxime laboal fixo con cargo a praza de operario-peón é, preverse a xubilación os vindeiros 12 de febreiro e 29 de xuño doutros dous vixiantes de instalacións municipais.

A dotación destas vacantes resulta de inexcusable e urxente cubrición habida conta o singular carácter de servizos públicos de recepción obrigatoria que teñen os centros escolares municipais, resultando unha responsabilidade directa do Concello o debido mantemento deste centros en correctas e permanentes condicións

operativas, especialmente no que atinxe ás funcións de apertura, control e vixianza das instalacións, mantemento menor do edificio, etc.

Nas Bases que rexiron a oferta de emprego público de 2002, recentemente executada, preveíase a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións para interinaxes ou contratacións laborais temporais con aqueles opositores que ,non habendo obtido praza, superaran pola contra as distintas probas das que constou a oposición.

Nembargantes, na oposición de axudantes de oficios , non existe ó día de hoxe dita lista de substitucións ó non chegar a cubrirse, sequera, tódalas prazas ofertadas, polo que non houbo máis opositores que superasen os exercicios que os propostos para o nomeamento en propiedade.

Consecuentemente, resulta preciso artellar un proceso de cubrición áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización de tres contratos laborais de interinidade para o desempeño das funcións de vixianza dos anteditos centros de ensino.

Fundamentos de dereito :

De conformidade co disposto no artigo 9 .2 da lei 4/88, de 26 de maio da Función pública de Galicia , a selección de persoal laboral efectuaráse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso- oposición libre.

Nembargantes , e consonte ó parágrafo 3º do mesmo artigo, poderáse tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica , non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente a cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto é, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/ 84 de 2 de agosto de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego pública .

Nembargantes , o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cós principios de mérito e capacidade, tal e coma dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97 de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevee que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Nesta orde de consideracións, os principios retores do proceso selectivo anteriormente referenciados (igualdade, mérito, capacidade, publicidade) non operan pois, coa mesma intensidade cando se trata de cubrir provisoriamente un posto de traballo con carácter interino – como é o caso - que cando se debe proceder á cobertura definitiva dunha praza laboral en propiedade.

Por esta razón o artigo 27 do RD 364/95, de 10 de marzo, dispón que o procedemento empleado para o nomeamento de persoal interino efectuaráse con arranxo ós principios de mérito e capacidade, debéndose posibilita-la máxima axilidade na selección, en atención á urxencia requerida.

A Orden 1461/2002, de 6 de xuño, do Ministerio das Administracións Públicas, pola que se artellan certas normas para os procesos selectivos do persoal funcionario interino – exclúese o laboral interino, aínda que por evidente analoxía, pode constituir dita orden un claro referente procedimental - , prevee a posibilidade de acudir, con carácter excepcional, ós servizos públicos de emprego para realizar a preselección.

No artigo 15.1 c) do ET, desenvolvido polo RD 2720/98, de 18 de decembro, e RDL 5/2001, de 2 de marzo, contéplase a posibilidade de que as empresas – incluídas as Administracións públicas – poidan realizar contratos de substitución e interinidade para substituír a traballadores ausentes con reserva de posto, o ou para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección.

A lei 56/03 de 16 de decembro, de emprego, configura ós Servizos autonómicos de emprego como un servizo público e gratuito que terá coma funcións , axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos), todo elo a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego .

Por último, reseñar que a Lei 61/03, de Presupostos xerais do Estado para o exercicio 2004, se ben prohíbe con carácter xeral a formalización de novas contratacións laborais ó longo deste exercicio, prevé como excepcionalidade aquelas que responden a razóns de verdadeira urxencia, como obviamente sucede neste caso.

Por todo o exposto, sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de Resolución :

“Primeiro.- Solicitar do Servizo Galego de Colocación unha oferta xenérica para que sexan remitidos dez candidatos que responden ás seguintes características :

Titulación esixida : certificado de estudos primarios ou de escolaridade .

Experiencia : Requírese experiencia acreditada, cando menos de dous anos continuados , nalgún posto de traballo directamente relacionado coas funcións de bedelería - vixianza de instalacións públicas, nalgunha das distintas Administracións ou organismos públicos dependentes da mesma.

Segundo .- Que por unha Comisión de valoración composta polo Xefe do servizo de Educación,, un representante designado polo Comité de persoal (con titulación igual ou superior á esixida para o desempeño do posto) e o Sr. Xefe da Unidade de Persoal ou Técnico en quen delegue, propoña dous candidatos co obxecto de formaliza-la contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará de dúas fases :

- Entrevista persoal , que versará sobre os méritos que manifesten acreditadamente os candidatos, e o grao de asimilación deses méritos, ata tres (3) puntos.
- Proba práctica sobre as tarefas do posto : avaliarase de cero a dez (10) puntos, tendo esta proba carácter excluínte se o candidato non obteña un mínimo de cinco puntos .

A fase da proba práctica consistirá nun exercicio único, que terá por obxecto a acreditación conxunta dos coñecementos prácticos e teóricos requeridos para o desempeño do posto.

A Comisión propondrá para a contratación ós candidatos que resulten seleccionados por orde de puntuación

Os candidatos seleccionados serán contratados baixo a modalidade laboral de contrato de substitución - interinidade, ata que non se provean regulamentariamente as prazas de axudantes de oficios , en canto categoría laboral na que se integran os postos de vixiantes de instalacións municipais

A primeira das contratacións producirase dende o momento en que se resolva o proceso selectivo, a segunda a partir do 13 de febreiro e a terceira, tan pronto se produza a 1ª vacante nunha praza de axudante de oficios”.

Acordo

A Xunta de Goberno, presta aprobación á proposta contida no precedente informe pero engadindo que o presidente da comisión de valoración deberá ser o concelleiro de Educación, quedando o acordo redactado do seguinte xeito:

Primeiro.- Solicitar do Servicio Galego de Colocación unha oferta xenérica para que sexan remitidos dez candidatos que responden ás seguintes características :

Titulación esixida : certificado de estudos primarios ou de escolaridade .

Experiencia : Requírese experiencia acreditada, cando menos de dous anos continuados , nalgún posto de traballo directamente relacionado coas funcións de bedelería - vixianza de instalacións públicas, nalgunha das distintas Administracións ou organismos públicos dependentes da mesma.

Segundo .- Que por unha Comisión de valoración composta polo concelleiro do Servicio de Educación como presidente, o xefe do servicio de Educación, un representante designado polo Comité de persoal (con titulación igual ou superior á esixida para o desempeño do posto) e o Sr. Xefe da Unidade de Persoal ou Técnico en quen delegue, propoña dous candidatos co obxecto de formaliza-la contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará de dúas fases :

- Entrevista persoal , que versará sobre os méritos que manifesten acreditadamente os candidatos, e o grao de asimilación deses méritos, ata tres (3) puntos.
- Proba práctica sobre as tarefas do posto : avaliarase de cero a dez (10) puntos, tendo esta proba carácter excluínte se o candidato non obteña un mínimo de cinco puntos .

A fase da proba práctica consistirá nun exercicio único, que terá por obxecto a acreditación conxunta dos coñecementos prácticos e teóricos requeridos para o desempeño do posto.

A Comisión propondrá para a contratación ós candidatos que resulten seleccionados por orde de puntuación

Os candidatos seleccionados serán contratados baixo a modalidade laboral de contrato de substitución - interinidade, ata que non se provean regulamentariamente as prazas de axudantes de oficios , en canto categoría laboral na que se integran os postos de vixiantes de instalacións municipais

A primeira das contratacións producirase dende o momento en que se resolva o proceso selectivo, a segunda a partires do 13 de febreiro e a terceira, tan pronto se produza a 1ª vacante nunha praza de axudante de oficios”.

25(125).-PROPOSTA PARA PROCEDER Ó NOMEAMENTO URXENTE DE PERSOAL INTERINO (7 AUXILIARES DE ADMON. XERAL, 2 SUBALTERNOS E 1 OFICIAL CONDUCTOR). EXPTE. 14592/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 4.02.04, que di o seguinte:

Antecedentes:

Executada a Oferta Pública de Emprego correspondente ó ano 2002, conséntase que continúan figurando vacantes sete prazas de auxiliar administrativo, dúas de subalerno e unha de oficial conductor.

Con relación á necesidade urxente de cubrición das prazas de auxiliar de Administración xeral, cúmpre salientar que a mesma ten orixe na posta en funcionamento das Concellerías de Distrito ás que e preciso dotar de medios humanos para a súa correcta operatividade, sen prexuízo das reiteradas peticións que dende os departamentos de Estatística, Participación Cidadá, Seguridade , administración de Tributos ... etc, vense realizando para a cobertura das prazas vacantes existentes nos referidos servizos por xubilacións ou incapacidade dos seus titulares.

Verbo das prazas de subalerno a urxente cubrición fundaméntase nas demandas plantexadas polo Director do centro CEDRO, Bibliotecas e Conserxería, principalmente, que contan con prazas vacantes por xubilación dos seus titulares .

No que antinxe ó oficial conductor mótivase no informe do Sr. Xefe do Parque móbil, de 7.01.2004, onde se expón a necesidade de cubrir cando menos unha praza das tres vacantes existentes.

Fundamentos de dereito :

Primeiro e único .

A cubrición das anteditas prazas instrumentase a través do riguroso orde de chamamento das listas de substitucións e interinaxes resultante da execución da derradeira Oferta de Emprego Público, que rematou o pasado mes de decembro, toda vez que consonte ás propias Bases que rexiron a convocatoria, os candidatos que non habendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para o ingreso nos respectivos grupos, corpos e escalas formarían parte dunha lista de substitucións ós efectos de poser ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral , segundo o disposto na DT do Decreto 116/93, de 3 de xullo, da Consellería da Presidencia.

Deste xeito os principios rectores do proceso de selección , inspirados na publicidade, mérito e capacidade, operan plenamente a través das listas de substitucións confeccionadas á partires dunha oferta de emprego público, entre aqueles aspirantes que superaron sen praza a oposición , ó traer causa dun proceso público riguroso, tal e coma así ven establecendo a xurisprudencia do Tribunal Supremo (TS., S. 23 de setembro de 2002).

Así, o artigo 27 do RD 364/95, de 10 de marzo, dispón que o procedemento empleado para o nomeamento de persoal interino efectuaráse con arranxo ós principios de mérito e capacidade, debéndose posibilita-la máxima axilidade na selección, en atención á urxencia requerida.

Consonte ó artigo 7 da lei 4/88 , de 26 de maio, da función Pública de Galicia, a selección do persoal interino deberá efectuarse observando os principios de publicidade, mérito e capacidade a favor das persoas que reunan as condicións e requisitos de titulación esixidos legalmente para participar na convocatoria pública dos correspondentes procesos selectivos.

De conformidade co artigo 9 parágrafo 3º da lei 4/88, de 26 de maio da Función pública de Galicia , poderase asemade contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Consonte ó artigo 15.1 c) do ET, desenvolvido polo RD 2720/98, de 18 de decembro, e RDL 5/2001, de 2 de marzo, contéplase a posibilidade de que as empresas – incluídas as Administracións públicas – poidan realizar contratos de substitución e interinidade para substituír a traballadores ausentes con reserva de posto, o ou para cubrir temporalmente un posto de traballo durante o proceso de selección.

Por último, reseñar que a Lei 61/03, de Presupostos xerais do Estado para o exercicio 2004, se ben prohíbe con carácter xeral a formalización de novas contratacións laborais ó longo deste exercicio, prevé como excepcionalidade aquelas que resposten a razóns de verdadeira urxencia, como aparentemente semella suceder neste caso

Por todo o exposto, sométese á Xunta de Goberno local , a seguinte proposta de Resolución :

“ Primeiro.- Acorda-la urxencia para proceder ó nomeamento, con carácter interino de sete auxiliares de administración xeral, dous subalternos e un oficial conductor, segundo a lista de substitucións resultante da última oferta de emprego público .

Segundo : Autorizar á Alcaldía Presidencia para proceder ós devanditos nomeamentos interinos así como para formaliza-lo contrato laboral de interinidade..

Terceiro : As prazas ocupadas interinamente incluíranse na vindeira oferta de emprego público, cesando automaticamente o persoal interino nomeado ou contratado tan pronto se produza a cubrición definitiva das mesmas “

A Xunta de Goberno presta aprobación á proposta contida no precedente informe.

26(126).- SOLICITUDE DE PERMISO NON RETRIBUÍDO DE D^a ALBA CHORÉN PUGA. EXPTE. 14589/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o escrito de D^a María Alba Choren Puga, auxiliar administrativa adscrita a Intervención Xeral, solicitando un permiso non retribuído dun mes, e de conformidade co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 4.02.04, a Xunta de Goberno, acorda:

Autorizar a D^a María Alba Choren Puga (núm. persoal 21812 e DNI 36.034.151), auxiliar de administración xeral, adscrita á Intervención Xeral, un permiso non retribuído dunha duración de un mes que comezará o día 9 de febreiro o e finalizará o día 9 de marzo de 2004, debendo incorporarse o seu posto de traballo o día seguinte (10 de marzo), de conformidade co previsto no art. 17 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do concello de Vigo.

Durante a súa duración a interesada permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.

27(127).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL (AGOSTO E DECEMBRO 2003). EXPTE. 14560/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención, do 3.02.04, conformado pola interventora xeral e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 30.01.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondentes os meses de AGOSTO e DECEMBRO-2003, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se abonará no nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican:

- Servicio de Extinción de Incendios, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Francisco J. Abreu Torres e remata por don José Antonio Villar Comesaña, por un total de 1.111'00 horas.
- Montes, Parques e Xardíns, relación que se achega no expediente e que comeza por don Alfonso Alonso Rodríguez e remata por don Jorge G. Vulcano Ferreira, por un total e 699'00 horas.
- Policía Local, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don César Alonso Couñago e rematan por don Adamo Zolla Vallero Tonda, por un total de 2.420'25 horas.
- Parque Móbil, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Carlos Abalde Blanco e remata por don J. Manuel Sixto Pérez, por un total de 431'50 horas.
- Conserxería, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don José Martínez Figueroa e rematan por don M^a Teresa Vaqueiro Herbello, por un total de 32'60 horas.
- Alcaldía, relación que se achega no expediente e que comezan por don Basilio Costas Fernández e rematan por don Cesáreo Rocha Parames, por un total de 31'50 horas.
- Desinfección, relacións que se achegan no expediente e que comezan por don Ricardo González Arzua e rematan por don José Ramón Seijas Álvarez, por un total de 88'00 horas.
- Circulación Viaria, relacións que se achega no expediente de don José Ramón Alonso González, por un total de 24'00 horas.
- O montante do presente expediente ascende a un total de 34.259,80 €.

28(128).- COMPLEMENTO PRODUCTIVIDADE POR MANEXAR MAQUINARIA PESADA DO PERSOAL DO PARQUE MÓBIL, CORRESPONDENTE Ó CUATRO TRIMESTRE 2003. EXPTE. 14567/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención, do 28.01.04, conformado pola interventora xeral e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 26.01.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados polo persoal do Parque Móvil por manexar maquinaria pesada, correspondente ós meses de OUTUBRO, NOVEMBRO E DECEMBRO-2003, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comenza por don Jaime Alvarez Pérez e remata por don Cándido Souto Benitez e que ascenden a un total de 1.173'17 € (MIL CENTO SETENTA E TRES EUROS CON DEZASETE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS

29(129).-ASIGNACIÓN COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Ó PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE DECEMBRO DE 2003. 14571/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico de Intervención, do 28.01.04, conformado pola interventora xeral e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 26.01.04, conformado polo xefe da Área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado de Persoal, a Xunta de Goberno acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Jesús Alfonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de DECEMBRO-2003, e que ascenden a un total de 1.072'26 € (MIL SETENTA E DOUS EUROS CON VINTESEIS CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

30(130).-SOLICITUDE ABONO PRODUCTIVIDADE DOS OFICIAIS DE OFICIOS D. FRANCISCO OTERINO FERNÁNDEZ, D. JUAN DAVILA PÉREZ E D. FRANCISCO JAVIER BEA PUENTES. 14590/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal, do 04.02.04, que di o seguinte:

A medio de instancias presentadas no Rexistro xeral con datas 2 e 3 de febreiro de 2004, os funcionarios municipais con praza de oficiais de oficios Sres. D. FRANCISCO OTERINO FERNANDEZ e D. JUAN DAVILA PÉREZ, e o empregado laboral fixo con praza de axudante de oficios Sr. D. FRANCISCO JAVIER BEA PUENTES, respectivamente, solicitan o abonamento dunha produtividade pola suposta penosidade derivada do desempeño dos seus respectivos postos de traballo.

Informe:

Con carácter xeral, debemos informar que de conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de

productividade está destinado a retribuí-lo especial rendimento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

Segundo a referida norma, a apreciación da productividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e cos obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por complemento de productividade durante un período de tempo poidan devengar dereito individual algún verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

Asemade, indica a norma de invocación que as cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

En canto as competencias resolutorias, correspondelle ó Pleno da Corporación determinar no orzamento a cantidade global destinada á asignación do complemento de productividade, e Á Xunta de Goberno local a distribución de dita contía entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de productividade, con suxección ós criterios que no seu caso teña establecido o Pleno, sen prexuízo da delegación que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/85, de 2 de abril.

Feitas estas premisas legais, cúmpre informar que as solicitudes presentadas non se sustentan en ningún dereito preexistente dos empregados públicos reclamantes nin veñen amparadas por resolución administrativa de ningún tipo que xustifique a asignación dos emolumentos peticionados.

Ó día de hoxe, e en tanto non se resolva outra cousa polo órgano competente, os criterios para a asignación de productividades veñen establecidas nas vixentes Instrucións de Plantilla dos respectivos orzamentos, aprobadas polo Pleno do Concello, e nas que no se contempla previsión algunha sobre esta productividade solicitada, que respstaría máis ben a unha condición habitual de traballo xa retribuída no Complemento específico, logo que é este complemento o destinado a remunerar a peligrosidade, dificultade técnica ou penosidade (Artigo 4 do RD 861/86, de 25 de abril).

Por todo o exposto, sométese a consideración do órgano resolutor a seguinte proposta...”:

Conclúe o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno acorda:

Desestima-la solicitude presentada por D. Francisco Oterino Fernández, Juan Davila Pérez e D. Francisco Javier Bea Puentes, de datas 2 e 3 de febreiro de 2004, polas que se solicita o aboamento dunha productividade pola suposta penosidade derivada do desempeño dos seus postos de traballo, todo iso consonte ó informe precedente emitido pola Xefatura da Unidade de persoal de data 04.02.04, que se transcribe como parte integrante deste acordo.

31(131).-DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DELEGADO DE PERSOAL DE AUTORIZACIÓN A D^a M^a DEL PILAR MACENLLE DÍAZ DA REDUCCIÓN DA XORNADA DIARIA DE HORA E MEDIA. EXPTE. 14549/220.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal de data 28.01.04 en relación co asunto de referencia, que di o seguinte:

A medio de instancia de data de entrada no Rexistro desta Unidade 15 de xaneiro pasado, Dona María del Pilar Macenlle Díaz, solicita que se lle conceda redución de xornada a partir do 10 de febreiro, por ter un fillo menor de nove meses de idade.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

Primeiro.- O artigo 11, apartado a) do Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores do Concello de Vigo establece este tipo de redución de xornada, que poderán facer uso deste dereito o pai ou a nai alternativamente.

Segundo.- Pola súa banda, o Concelleiro Delegado de Seguridade informa favorablemente a presente redución de xornada.

Por isto, o funcionario que subscribe propón ó Concelleiro Delegado de Persoal, adopte a seguinte Resolución:

“Autorizar a Dona María Pilar Macenlle Díaz, axente da Policía Local, con número de persoal 78761, unha redución da xornada diaria de hora e media, a partir do 10 de febreiro de 2004 e ata o 5 de xuño de 2004, ambos inclusive.”

Na mesma data o concelleiro delegado de Persoal resolve o seguinte:

Resolvo consonte ó anterior Informe-Proposta. A presente resolución pase á Xunta de Goberno Local, interesada, Xefatura do Servicio e Unidade de Persoal para o seu coñecemento.

A Xunta de Goberno queda enterada.

32(132).-CALENDARIO FISCAL PARA OS TRIBUTOS DE COBRO PERIÓDICO E NOTIFICACIÓN COLECTIVA DO ANO 2004. EXPTE. 2320/703.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do tesoureiro municipal, do 2.02.04, que di o seguinte:

De conformidade co previsto no apartado 1º letra G do artigo 127 TITULO X CAPITULO II da Lei 57/2003 de decembro, Reguladora de Facendas Locais, xunto co artigo 60 da Ordenanza Fiscal Xeral do Concello de Vigo, propónse a Xunta de Goberno Local, o seguinte calendario fiscal para os tributos de cobro periódico e notificación colectiva do presente exercicio impositivo pertencente ó ano 2.004

TRIBUTOS	INICIO	FIN
	PERÍODO VOLUNTARIO	PERÍODO VOLUNTARIO
Imposto Vehículos Tracción Mecánica	30 de marzo	31 de maio
Taxa Recollida do Lixo	1 de xuño	2 de agosto
Exaccións Unificadas Industriais	1 de xuño	2 de agosto
Imposto sobre Bens Inmóbeles	1 de setembro	2 de novembro
Imposto Actividades Económicas	1 de setembro	2 de novembro

Acordo

A Xunta de Goberno, presta aprobación ó precedente calendario fiscal para os tributos de cobro periódico e notificación colectiva do presente exercicio impositivo pertence ó ano 2004.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

33(133).- DESODORIZACIÓN NAVE DE TRANSFERENCIA E POZO DE LAMAS DIXERIDAS NO EDAR VIGO. EXPTE. 2361/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnica de Administración Xeral de Medio Ambiente, do 6.02.04, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

FEITOS:

1. *En data de 3 de febreiro de 2.004 e con número de documento 40009801, o organismo autónomo Augas de Galicia remite oficio solicitando certificación acreditativa dunha serie de acordos en relación có asunto de referencia a fin de tramitar o expediente para proceder á contratación e execución das obras.*

2. Remitido a informe ós servicios de Electromecánicos, Laboratorio Municipal, Patrimonio, Montes, parques e xardíns, Recursos Económicos, Intervención Xeral, estes remítense no día da data.
3. No día da data o Concelleiro delegado de Medio Ambiente dicta Orde de Servicio, para que se cumprimente o oficio de Augas de Galicia citado no feito 1, á aprobación da Xunta de Goberno Local.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

I. A Lei 8/2001 do Parlamento de Galicia, de Normas reguladoras de protección da calidade das rías e ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas, en canto do seu artigo 6 en relación có 7.1 resulta que a competencia de aprobación definitiva dos proxectos de estacións depuradoras é unha competencia da Xunta de Galicia, correspondendo ás Entidades Locais a promoción, redacción e proposta á Xunta de Galicia para a súa aprobación, previa comprobación da súa adecuación á programación a que se refire o artigo 6.2, de plans e proxectos de obras e instalacións.

II. Decreto 84/1997, de 10 de abril, sobre colaboración técnica e financeira da Administración Hidráulica de Galicia coas Entidades Locais, en materia de abastecemento e saneamento de augas.

III. Asemade, a Lei 8/2001 establece na súa Disposición Adicional Segunda.2 que os proxectos correspondentes a obras hidráulicas que non esgoten a súa funcionalidade no termo municipal onde se sitúen non estarán suxeitos a licenza municipal nin a calquera acto de control preventivo municipal nin a calquera acto de control preventivo municipal ós que se refire o artigo 84.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 286.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia. A execución destas obras, sempre que se leve a cabo de acordo cos proxectos aprobados e se informase previamente ás administracións locais correspondentes, non poderá ser suspendida polos órganos urbanísticos competentes.

No mesmo sentido, o artigo 127.1 do Texto Refundido da Lei de Augas aprobado por Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo.

Non obstante, aínda que a competencia para a aprobación definitiva do proxecto correspóndelle a Augas de Galicia, con esta aprobación municipal para os únicos efectos do previsto no Decreto 84/1997, de 10 de abril, tamén se está prestando conformidade ó proxecto de obra, coas salvidades e reservas expresadas no informe do Enxeñeiro Municipal e do Director do Laboratorio Municipal.

En consecuencia veñen a coincidir neste único aspecto autoridade controladora e a controlada, polo que no caso concreto da licenza de obras, esta substituiríase polo informe urbanístico, **que aínda non obra no expediente**, de confirmar que o uso é axeitado ás previsións do planeamento e que se pronuncie sobre os demais extremos que proceda.

IV. Real Decreto Legislativo 1302/1986, de 28 de xuño, de Avaliación de Impacto Ambiental.

V. Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia.

VI. Decretos Autonómicos 442/1990 e 327/1991.

VII. Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas aprobado por Decreto 2414/1961, de 30 de novembro.

VI. En canto á competencia, artigo 127 da Lei reguladora das bases do réxime local.

Á vista dos feitos e fundamentos de dereito expostos, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo, coa reserva da súa ampliación ou corrección que resulte do mellor estudo do expediente, dada a premura da orde de remisión do expediente á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aínda que a competencia para a aprobación definitiva do proxecto correspóndelle a Augas de Galicia, aprobar o proxecto de “desodorización nave de transferencia y depósito de fangos digeridos en la EDAR de Vigo”, redactado polo Enxeñeiro D. Alfonso Rasilla Buhigas e remitido por Augas de Galicia, de xaneiro de 2.004, para os únicos efectos de solicitar a colaboración técnica e financeira da Administración Hidráulica de Galicia, nos termos do Decreto 84/1997, sempre e cando resulte favorable o informe urbanístico e sen prexuízo de que a Administración Autonómica deba acadar as demais licencias, autorizacións sectoriais e intervención da autoridade ambiental que corresponda, coas seguintes consideracións incluídas no informe do Enxeñeiro Industrial Municipal e do Director do Laboratorio Municipal de data de hoxe:

1º) Cubrición total do silo de carga e desodorización do mesmo, co dimensionamento adecuado para albergar no seu interior ó vehículo de carga.

2º) Separación das liñas de depuración no tratamento biolóxico, para impedir a contaminación cruzada no caso de producirse algún problema nalgunha das liñas.

3º) Incluír un sistema que permita a utilización alternativa dos dous emisarios existentes. Isto evitará a parada da planta no caso de avaría do emisario, para a súa reparación.

E coa mesma reserva que consta no seu informe: “Estas consideracións fanse na marxe das que poidan xurdir tralo informe da auditoría que se está a realizar, informe da empresa concesionaria, informe da comisión de afectados e dos veciños”.

Segundo.- Solicitar, ó Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do 100% do custo das obras.

Terceiro.- Poñer a disposición da Administración Autonómica os terreos e auga municipais precisos para a execución das obras.

Cuarto.- Comprometerse a outorgar tódalas autorizacións administrativas necesarias para a realización das obras, sempre e cando proceda en aplicación da normativa vixente.

Quinto.- Tratándose dunha iniciativa municipal nos termos do Decreto 84/1997, de 10 de abril, remitirle novamente o expediente ó servizo de recursos e asesoramento, para que á vista do expediente completo emita novo informe sobre a posibilidade de renunciar expresamente á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

Sexto.- Expoñer o proxecto ó público durante vinte días hábiles.

Sétimo.- Asumi-la explotación, mantemento e conservación das obras e de efectua-los traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución, nos termos da normativa reguladora do saneamento das Augas Residuais.

Oitavo.- Actualizar as tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada ó custo das obras que se realizan, e á súa explotación e amortización, nos termos da normativa vixente e prego de cláusulas administrativas do contrato de concesión do servizo.

Noveno.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta para solicita-lo financiamento.

Décimo.- Remitir un exemplar do proxecto á Xerencia de Urbanismo, a fin de que emita o correspondente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno presta aprobación ó precedente informe proposta modificando o seu apartado oitavo, de xeito que, acorda:

Primeiro.- Aínda que a competencia para a aprobación definitiva do proxecto correspóndelle a Augas de Galicia, aprobar o proxecto de “desodorización nave de transferencia y depósito de fangos digeridos en la EDAR de Vigo”, redactado polo Enxeñeiro D. Alfonso Rasilla Buhigas e remitido por Augas de Galicia, de xaneiro de 2.004, para os únicos efectos de solicitar a colaboración técnica e financeira da Administración Hidráulica de Galicia, nos termos do Decreto 84/1997, sempre e cando resulte favorable o informe urbanístico e sen prexuízo de que a Administración Autonómica deba acadar as demais licencias, autorizacións sectoriais e intervención da autoridade ambiental que corresponda, coas seguintes consideracións incluídas no informe do Enxeñeiro Industrial Municipal e do Director do Laboratorio Municipal de data de hoxe:

- 1º) Cubrición total do silo de carga e desodorización do mesmo, co dimensionamento adecuado para albergar no seu interior ó vehículo de carga.
- 2º) Separación das liñas de depuración no tratamento biolóxico, para impedir a contaminación cruzada no caso de producirse algún problema nalgunha das liñas.
- 3º) Incluír un sistema que permita a utilización alternativa dos dous emisarios existentes. Isto evitará a parada da planta no caso de avaría do emisario, para a súa reparación.

E coa mesma reserva que consta no seu informe: “Estas consideracións fanse na marxe das que poidan xurdir tralo informe da auditoría que se está a realizar, informe da empresa concesionaria, informe da comisión de afectados e dos veciños”.

Segundo.- Solicitar, ó Organismo Autónomo Augas de Galicia, o financiamento do 100% do custo das obras.

Terceiro.- Poñer a disposición da Administración Autonómica os terreos e auga municipais precisos para a execución das obras.

Cuarto.- Comprometerse a outorgar tódalas autorizacións administrativas necesarias para a realización das obras, sempre e cando proceda en aplicación da normativa vixente.

Quinto.- Tratándose dunha iniciativa municipal nos termos do Decreto 84/1997, de 10 de abril, remitirlle novamente o expediente ó servizo de recursos e asesoramento, para que á vista do expediente completo emita novo informe sobre a posibilidade de renunciar expresamente á retención de calquera tipo de taxa, canon ou imposto de carácter local con motivo das obras.

Sexto.- Expoñer o proxecto ó público durante vinte días hábiles.

Sétimo.- Asumi-la explotación, mantemento e conservación das obras e de efectua-los traballos ordenados pola inspección facultativa despois da súa execución, nos termos da normativa reguladora do saneamento das Augas Residuais.

Oitavo.- Actualizar as tarifas pola prestación do servizo na medida axeitada ó custo das obras que se realizan, e á súa explotación e amortización, de ser necesario no momento en que sexa procedente a modificación da correspondente ordenanza fiscal reguladora.

Noveno.- Facultar á Sra. Alcaldesa-Presidenta para solicita-lo financiamento.

Décimo.- Remitir un exemplar do proxecto á Xerencia de Urbanismo, a fin de que emita o correspondente informe.

34(134).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE DOMINIO PÚBLICO DO APARCADOIRO DA RÚA URZÁIZ: MELLORA DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DA SUPERFICIE DESTA RUA.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe proposta do xefe dos Servizos Centrais, do 2.02.04, conformado polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O Pleno de 15 de abril de 1999 aprobou a concesión de dominio público do aparcadoiro da rúa Urzaiz a favor da unión temporal de empresas integrada por “Tranvías Eléctricos de Vigo, SA” e “Eloymar, SA”. Producto deste acordo a concesionaria encargou a entidade “FRAGA, G. QUIJADA, PORTOLÉS ASOCIADOS, SL” a redacción dun proxecto de obra que foi aprobado polo Pleno da Corporación. A posterior reforma deste proxecto foi aprobada polo mesmo órgano.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, por acordo de data 4 de setembro de 2003, encargou ós técnicos deste Organismo Autónomo, en colaboración coa entidade concesionaria representada pola dirección de obra, un estudo para a mellora do proxecto de urbanización da superficie da rúa Urzaiz.

O 10 de decembro de 2003 o director dos servizos técnicos e o enxeñeiro de obras públicas informan e achegan un plano coas características xerais das melloras introducidas e a súa valoración. Neste informe aconséllase, por razóns técnicas, que a redacción desta modificación do proxecto a realicen os técnicos encargados da dirección da obra.

O mesmo día o xefe dos Servizos Centrais, coa conformidade do xerente, propón ó Consello da Xerencia:

1º) Tomar coñecemento do estudio realizado polos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo en colaboración coa concesionaria do aparcadoiro de Urzaiz, relativa á mellora do proxecto de urbanización da superficie desta rúa.

2º) Trasladar ó órgano competente do Concello de Vigo, o citado estudio para que, de conformidade co mesmo e previa tramitación do correspondente expediente, aprrobe a contratación da redacción do modificado do proxecto de execución do aparcadoiro de Urzaiz.

Na sesión de 11 de decembro de 2003 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo aproba por unanimidade simplemente o primeiro dos puntos sinalados: a toma de coñecemento do estudio realizado polos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo en colaboración coa concesionaria do aparcadoiro de Urzaiz, relativa á mellora do proxecto de urbanización da superficie desta rúa.

SITUACIÓN ACTUAL

Dende a data dese Consello da Xerencia ata a actualidade introdúcense leves variacións neste estudio previo ó proxecto definitivo que afectan basicamente ó alumeadado.

Dada a relevancia da obra do aparcadoiro de Urzaiz, por afectar a unha das rúas principais desta cidade (arteria básica e fundamental do tráfico do centro), calquera modificación que se introduza no proxecto deberá tramitarse coa maior urxencia posible, evitando demoras na execución da obra.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

De conformidade co novo artigo 127.1.f) da Lei reguladora das bases de réxime local (introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local), a modificación do proxecto da obra do aparcadoiro de Urzaiz e, polo tanto do contrato de concesión, deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local, previa tramitación do correspondente expediente.

Tendo en conta que este contrato de concesión foi aprobado estando vixente a derogada Lei 13/1995, de 18 de maio, Lei de contratos das administracións públicas, para tramitar calquera modificación do mesmo haberá que aplicar esta norma: en particular o artigo 146. En consecuencia, a Xunta de Goberno Local deberá autorizar a iniciación do correspondente expediente, que se sustanciará con carácter de urxencia coas seguintes actuacións:

- 1) Redacción do proxecto e aprobación do mesmo.
- 2) Audiencia do contratista, por prazo mínimo de tres días.
- 3) Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como dos gastos complementarios precisos.

PROPOSTA

Por todo o exposto, propónse ó Consello da Xerencia a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Tomar coñecemento do estudio realizado polos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo en colaboración coa concesionaria do aparcadoiro de Urzaiz, relativa á millora do proxecto de urbanización da superficie desta rúa.

Segundo.- Propoñer á Xunta de Goberno Local deste Concello a adopción do seguinte acordo:

- 1) Autorizar a iniciación do expediente de modificación do contrato de concesión de dominio público do aparcadoiro da rúa Urzaiz, aprobado polo Pleno o 15 de abril de 1999, consistente na millora do proxecto de urbanización da superficie desta rúa.
- 2) Encargar a redacción da modificación do proxecto de execución do aparcadoiro de Urzaiz ós técnicos redactores do proxecto orixinal e directores da obra.”

Acordo

A Xunta de Goberno local, á vista do precedente informe, acorda:

1º.- Autorizar a iniciación do expediente de modificación do contrato de concesión de dominio público do aparcadoiro da rúa Urzaiz, aprobado polo Pleno o 15 de abril de 1999, consistente na millora do proxecto de urbanización da superficie desta rúa.

2º.- Encargar a redacción da modificación do proxecto de execución do aparcadoiro de Urzaiz ós técnicos redactores do proxecto orixinal e directores da obra.

35(135).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “ENTROIDO 2004”. EXPTE. 826/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas do 2.02.04, cofnormado polo concelleiro da área de Asuntos Sociais, a interventora xeral e co conforme xurídico, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Federación Veciñal “Eduardo Chao”, a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”, para a organización da programación do “Entroido 2004”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asina-lo citado convenio.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 75.490.-euros, en concepto do estipulado no referido convenio, con cargo á partida 451.2.226.08.03 do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado, e que se aboará de forma equitativa ás tres entidades citadas.

4º.- Que o citado pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

Vigo, o xxxxxxx de febreiro de dous mil catro,

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, concelleiro da Área de Asuntos Sociais e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con enderezo na cidade de Vigo, Praza do Rei, s/n; en adiante O CONCELLO.

Doutra parte, os representantes das seguintes entidades:

D. JOSÉ LOURIDO PENEDO, presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAIS, CIF G-36.791.291, con enderezo na rúa Cabalaria, 47, 1º, 36215 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións.

D. ELENA GONZÁLEZ SÁNCHEZ, presidente da FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS "EDUARDO CHAO", CIF G-36.681.708, con enderezo na Praza da Princesa, 7, 2º, 36202 VIGO, e número de inscrición 82/89 no rexistro municipal de asociacións.

D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF G-36.704.666, enderezo na praza Gallegos Ilustres, 36203 VIGO, e número de inscrición 143/90 no rexistro municipal de asociacións.

En adiante, "Comisión organizadora".

MANIFESTAN

1. Que o Entroido é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo, que se considera recuperado dende hai máis de vinte anos, e no que participa masivamente toda a cidadanía.

2. Que o Concello de Vigo leva a cabo dende hai anos un labor importante de recuperación e impulso desta festividade, mediante a programación de actividades socioculturais diversas, de concursos de comparsas de adultos

e escolares; concurso de carteis; actuacións musicais e verbenas; animación infantil; enterro do meco; recuperación do Rei Momo...

3. Que no Entroido participan activamente e de forma intensiva diversas entidades con carácter cultural, social e veciñal, aspecto que ben recollido na propia lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei reguladora de bases de réximen local.

4. Que dende o ano 96 estanse a asinar convenios de colaboración entre estas entidades e o Concello de Vigo, cun resultado moi satisfactorio para ambas partes. Por todo isto, as entidades que forman a COMISIÓN ORGANIZADORA amósanse interesadas e dispostas a organiza-la programación da presente edición do Entroido na cidade de Vigo.

Polo que, en consideración ó antes exposto, o Concello de Vigo e as entidades referidas establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto a organización do programa sociocultural do ENTROIDO 2004 que se oferta á cidade de Vigo, segundo o proxecto de actividades que figura no anexo I.

SEGUNDA.- A programación do ENTROIDO 2004 levarase a cabo na cidade de Vigo entre os días 21 e 25 de febreiro de 2004, ambos inclusive, no centro da cidade e nos lugares concretos que se indican no proxecto de programa.

TERCEIRA.- O orzamento xeral do convenio para o ENTROIDO 2004, con tódolos conceptos e impostos incluídos, ascende a un total de 75.490.-euros, que se financiarán con cargo á partida 451.2.226.08.03 do programa orzamentario da Concellería de Festas e Animación Sociocultural correspondente ó exercicio 2003 prorrogado. A desagregación deste orzamento figura no anexo II deste convenio, según o presentado pola COMISIÓN ORGANIZADORA.

CUARTA.- As obrigas que asume a COMISIÓN ORGANIZADORA respecto do Concello son as seguintes:

1. *Cumpri-lo programa obxecto deste convenio, segundo o proxecto que figura no anexo I, e que foi confeccionado conxuntamente pola comisión organizadora e a Concellería de Festas. A comisión encargada da planificación, seguimento e execución deste programa estará formada polos seguintes membros:*

** Pola Federación de AVV "Eduardo Chao":*

- ELENA GONZÁLEZ SÁNCHEZ.

- XOSÉ COUÑAGO

** Pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais:*

- JOSE LOURIDO PENEDO.

- JUAN JOSÉ NOGUEIRA SÁNCHEZ.

** Pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo":*

- JUAN CARLOS PADÍN NIETO.

- RAÚL VILA CARIDE.

Así mesmo, forma parte desta comisión en representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratacións, o técnico responsable do servizo de Festas, Jesús López Moure.

2. *Comeza-las actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.*
3. *Proporcionar toda a infraestrutura e o persoal de organización cualificado necesarios para as actividades comprendidas na programación obxecto do convenio, ademais de cubri-los desprazamentos necesarios.*
4. *Contratar tódolos elementos necesarios para o programa, por exemplo:*
 - *actuacións musicais e doutra índole.*
 - *infraestrutura: valados de seguridade, escenarios, portófonos e outra necesaria.*
 - *alumeado ornamental.*
 - *todo o correspondente ó enterro do meco e desfile de comparsas.*
 - *programación infantil.*
 - *servicios de primeiros auxilios.*
 - *calquera outro necesario para o bo desenvolvemento do programa.*

Neste sentido, a comisión organizadora procurará sempre que sexa posible solicitar varios orzamentos para cada contratación que se realice, co obxecto de debatelos na comisión e escolle-la opción máis vantaxosa, sobre todo no referente ás orquestras, material gráfico, animación infantil e material decorativo (mecos, enterros da sardiña...).

5. *Todo o relacionado cos concursos de comparsas, así como o seu percorrido, virá determinado polas bases correspondentes que aprobe a Comisión de Goberno.*
6. *Darlle á programación a maior difusión posible, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Festas e Animación Sociocultural, e respectando a imaxe corporativa do Concello. Para tal fin editaranse carteis, programas e “mupis”.*
7. *Devolve-los locais e equipamentos cedidos polo Concello nas mesmas condicións da entrega. As perdas ou deterioros destes materiais ou instalacións serán restituídas pola comisión organizadora, dentro do período de vixencia do presente convenio.*
8. *Comunica-los posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabala correspondente conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).*
9. *Asumir tódolos seguros relativos ás actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posibles incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade das entidades asinantes. As entidades presentarán copia destes seguros antes da sinatura do presente convenio.*
10. *Cumpri-los horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.*
11. *Presentar na Concellería de Festas e Animación Sociocultural a memoria do programa ENTROIDO 2004 dentro dos dez días hábiles seguintes a súa finalización, onde figurarán, como mínimo os seguintes datos: participación, memoria de prensa, un rexistro fotográfico, parte xeral de incidencias e balance económico.*
12. *Asumi-la edición do material gráfico da programación do Entroido 2004 e da súa distribución (1.500.- carteis e 20.000.- programas de man), para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da*

Concellería de Festas e Animación Sociocultural. Neste sentido, esta concellería facilitará á comisión organizadora o cartel que resulte gañador do “XVIII Concurso de carteis do entroido”, antes do día 31 de xaneiro. Todo o material editado deberá contar cos depósitos legais correspondentes.

13. *Deberán obter tódolos permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades e espectáculos incluídos no programa do Entroido 2004.*
14. *Xestionar e aboa-los dereitos de autor que se xeren como consecuencia desta programación.*
15. *Asumir tódolos gastos que se poidan derivar da execución do convenio.*
16. *Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsable da comisión organizadora estará en permanente contacto co todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e servicios de primeiros auxilios presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural. Para facer posible este cometido, a organización deberá dispor dun mínimo de dez portáfonos ó seu cargo, ademais de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o período de desenvolvemento da actividade.*

QUINTA.- As obrigas que asume o Concello de Vigo son as seguintes:

1. *O Concello de Vigo comprométese a achega-la cantidade de 75.490.-euros, para financia-la realización do programa do ENTROIDO 2004, segundo o presuposto que figura no anexo II.*
2. *A Concellería de Festas e Animación Sociocultural xestionará a presenza dos servicios de Policía Local, Protección Civil e Bombeiros nas actividades do programa que o precisen.*
3. *Determinará o xurado do concurso de comparsas e facilitará na medida do posible a tramitación interna de todos os permisos e autorizacións municipais necesarios para a realización das actividades do ENTROIDO 2004.*

SEXTA.- A participación en tódalas actividades previstas no programa do Entroido 2004 serán gratuítas e dirixidas ó público en xeral, limitándose unicamente ó aforo dos recintos e espazos onde se leven a cabo.

SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese con base nas memorias e informes que presente a comisión organizadora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural nas propias actividades que se determinen.

OITAVA.- A produción e difusión de material gráfico relacionado coas actividades do programa serán asumidas íntegramente pola comisión organizadora. O material editado deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán íntegramente en idioma galego.

O logotipo e anagrama da Concellería de Festas e Animación Sociocultural figurará debidamente nos soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, a prelación en orde de tamaño será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

A difusión ós medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, entrevistas, traballos, etc.) deberá estar acordada coa Concellería de Festas e Animación Sociocultural.

Así mesmo, todo o persoal de organización ou relacionado coa mesma deberá utiliza-lo galego para dirixirse ó público asistente ás actividades do programa, e en todo caso cumprir co estipulado na Ordenanza Municipal de Normalización lingüística.

NOVENA.- O Concello de Vigo aboará o importe estipulado na cláusula terceira según o seguinte:

1.- Unha primeira achega a conta de 50.000.-euros, o día 20 de febreiro, mediante transferencias bancarias e de forma equitativa ás tres entidades asinantes.

2.- Unha segunda entrega-liquidación por importe de 25.490.-euros, previa certificación do persoal técnico da Concellería de Festas e Animación Sociocultural á correspondente memoria-avaliación do Entroido 2004 e a documentación xustificativa de gastos e ingresos, mediante transferencias bancarias e de forma equitativa ás tres entidades asinantes. Para poder realizar esta liquidación o perceptor deberá presentar solicitude de pagamento.

DÉCIMA.- En caso dalgún incumprimento do clausulado do presente convenio, realizaranse os descontos e, no seu caso, devolucións correspondentes, de conformidade ó orzamento que figura no anexo II e cos prorrateos ós que houbese lugar.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O presente convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2004, e non será prorrogable.

DÉCIMO SEGUNDA.- O concelleiro da Área de Asuntos Sociais queda facultado para solucionar as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan o seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado o presente convenio no lugar e data que se indican,..."

ANEXO I PROGRAMA OBXECTO DO CONVENIO DO "ENTROIDO 2004"

Sábado, 21 de febreiro:

18.00h DESFILE DE COMPARSAS, polas seguintes rúas: Camelias, Álvaro Cunqueiro (marxe dereita), Camelias e praza de América.
22.30h VERBENA na Porta do Sol: COSTA OESTE e FILADELFIA.
02'30h Remate da verbena.

Domingo, 22 de febreiro:

16 a 20.00h ENTROIDO COS NENOS: inchables, obradoiros e actuacións.
Praza do Rei, lonxa e auditorio do Concello.

Luns, 23 de febreiro:

16.00h a 20.00h ENTROIDO COS NENOS: inchables, obradoiros e actuacións.
Praza do Rei, lonxa e auditorio do Concello.

Martes, 24 de febreiro:

16.00h a 20.00h ENTROIDO COS NENOS: inchables, obradoiros e actuacións.

Praza do Rei, lonxa e auditorio do Concello.

17.00 h *DEGUSTACIÓN DE PRODUCTOS TÍPICOS DO ENTROIDO.*
 (Colaboran ALDEAS INFANTÍS e Asociación Comerciantes ZONA CENTRO). Rúa do Progreso (detrás co Marco).

22.30h *VERBENA na porta do Sol: OLIMPUS e CINEMA.*

23.45h *XUÍZO, LECTURA DA SENTENCIA E QUEIMA DO MECO na Praza do Rei.*

01.30h *Remate da verbena na Porta do Sol.*

Mércores, 25 de febreiro:

18.30h *VELORIO DO CADALEITO na praza do Rei.*

19.30h *ENTERRO DO MECO, desfile de comparsas acompañando o cadaleito, polas seguintes rúas: Camelias, Álvaro Cunqueiro (marxe dereita), Camelias e praza de América*

21.00h *RESPONSO, SEPELIO E LECTURA DO TESTAMENTO na praza de América.*

21.15h *LECTURA DA ACTA DO XURADO na praza de América.*

21.30h *REMATE DAS FESTAS DO ENTROIDO 2004.*

ANEXO II

ORZAMENTO XERAL DO CONVENIO PARA A ORGANIZACIÓN DO "ENTROIDO 2004"

CONCEPTOS	IMPORTES
Orquestras – Verbenas	8.000 €
Comparsa Nova Amistade-Queima	450 €
Equipo de traballo	4.000 €
Reportaxe fotográfica	300 €
Aluguer de carpas	1.500 €
Aluguer de palcos	1.800 €
SGAE – dereitos de autor	1.200 €
Sonido e megafonía	3.700 €
Material gráfico	3.000 €
Iluminación ornamental de rúas	12.000 €
Deseño e produción Meco / Enterro	7.500 €
Parque de animación infantil	9.000 €
Asistencia Cruz Vermella	640 €
Transportes varios	900 €
Varios	1.500 €
Voluntarios de seguridade	20.000 €
TOTAL	75.490 €

36(136).-PRÓRROGA DOS CONVENIOS DE COOPERACIÓN COA CONSELLERÍA SANIDADE PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS E SERVIZOS EN MATERIA DE DROGODEPENDENCIAS. EXPTE. 10706/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, do 4.02.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais, que di o seguinte:

De conformidade co disposto na Orde da Consellería de Sanidade, de 25 de abril de 1994, pola que se regula o establecemento de convenios de cooperación entre a Consellería e as Corporacións Locais para o desenvolvemento de programas e servizos en materia de drogodependencias, procede a instrución do expediente oportuno que posibilite a prórroga anual do citado convenio, que ven condicionada polo cumprimento dos requisitos ou compromisos asumidos, de acordo co seu artigo 8º.

Cumpridos os compromisos no sentido de non terse modificado as directrices do programa e as actividades conveniadas e ó obxecto de solicitar para o ano 2004 a prórroga correspondente, coas actualizacións posibles, a propia Consellería de Sanidade solicita a remisión da documentación que se achega, así como acordo da Xunta de Goberno Local en tal sentido.

Polo exposto, á Xunta de Goberno Local proponse a adopción do seguinte acordo:

“presta-la conformidade ó desenvolvemento dos programas e servizos que, en materia de drogodependencias non alcohólicas, realizará o Concello para o ano 2004 no marco do Plan Autonómico sobre Drogodependencias por parte da Unidade Asistencial “CEDRO”, solicitándose a prórroga dos convenios subscritos o 2 de xaneiro e 24 de xullo de 2003 (Comisións de Goberno 31/03/03 e 22/09/03) coas posibles actualizacións que se acorden”.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente.

A Xunta de Goberno acorda aproba-la proposta contida no precedente informe.

37(137).- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 154.914,10 € A FAVOR DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL EN CONCEPTO DE DISPONIBILIDADE HORARIA DOS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2003. EXPTE. 14569/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente a Xunta de Goberno manifesta que a aprobación deste tema é competencia do Pleno, polo que non se trata nesta sesión.

38(138).- PROGRAMA DE DISPONIBILIDADE HORARIA DA POLICÍA LOCAL ATA O MES DE XUÑO DO ANO 2004. EXPTE. 14568/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 6.02.04, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Mobilidade e Seguridade, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

- *En data 14 de xaneiro de 2004 o Xefe da Policía Local solicita que se continúe durante o ano 2004 co sistema de dispoñibilidade horaria dado o aproveitamento das xornadas realizadas durante o último semestre do ano 2003.*
- *Na mesma data o Concelleiro-Delegado da Area de Mobilidade e Seguridade di que dita dispoñibilidade debe ser implantada por un período de tres meses, prorrogables por outros tres meses máis segundo as necesidades do servicio e a razón dunha xornada ó mes.*
- *Na data 20 de xaneiro de 2004 fórmulase proposta polo Xefe da Unidade de Persoal, así como informe de Intervención Municipal.*
- *Á vista dos citados informes e do exame da documentación obrante no expediente, despréndese o seguinte:*

A dispoñibilidade supón un custo mensual de 60.000 euros, no caso de efectuarse pola totalidade dos efectivos. A dispoñibilidade económica mensual derivada dos postos da oferta sen cubrir, de acordo co informe da Unidade de Persoal de data 3 de febreiro de 2004, é de 71.763.13 euros/mes.

Para facer fronte ó gasto dos tres primeiros meses, de acordo coa valoración do Xefe da Unidade de Persoal, serían necesarios aproximadamente 180.000 euros e pola totalidade dos 6 meses 360.000 euros.

Na actualidade e sempre de conformidade cos informes obrantes no expediente, xa existe crédito suficiente para facer fronte ó primeiro mes de dispoñibilidade.

Ó final do mes de febreiro existirá crédito dispoñible por importe de 143.546,26 euros, sendo o custo da dispoñibilidade para os primeiros dous meses de 120.000 euros, no suposto da realización pola totalidade dos membros, polo que o Acordo que se propón ten crédito suficiente, sempre que a súa execución fagase mes a mes.

- *De conformidade co disposto no art. 123 h, da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, ó non ser unha materia exclusivamente atribuída ó Pleno, según así se deduce da base 28 das Bases de execución do orzamento vixente, por existir crédito suficiente, considérase que a competencia no presente caso corresponde á Xunta de Goberno Local.*

Polo exposto fórmulase á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte Acordo:

Aprobar un programa de disponibilidade da Policía Local ata o mes de xuño do ano 2004 consistente na realización dunha xornada mensual de oito horas de reforzo por funcionario no devandito período nas mesmas condicións regulamentarias que as establecidas no acordo plenario de 29 de setembro de 2003, segundo os importes seguintes:

<i>Axente</i>	<i>171.36 euros/xornada</i>
<i>Cabo</i>	<i>177.31 euros/xornada</i>
<i>Sarxento</i>	<i>220.25 euros/xornada</i>
<i>Suboficial</i>	<i>228.53 euros/xornada</i>

A execución de dito programa iniciarase unha vez adoptado o presente Acordo existindo na actualidade crédito suficiente para facer fronte á primeira mensuralidade.

Ó obxecto de garantir a futura modificación de crédito para facer fronte a da correspondente partida orzamentaria, pola Unidade de Persoal deberá solicitarse a retención de crédito correspondente ós dous primeiros meses de execución do programa, podéndose tramitar xa a transferencia de crédito polo importe das disponibilidades de crédito dos meses de xaneiro e febreiro e o finalizar o mes de abril tramitarse a modificación orzamentaria de acordo ás disponibilidades orzamentarias de marzo e abril. Coas disponibilidades de referencia habría un crédito de 287.052.52 €, suficiente para cubrir a dispoñibilidade horaria dos meses de febreiro a xuño, ambos inclusive.

A Xunta de Goberno acorda aproba-la proposta contida no precedente informe.

39(139).-PROPOSTA DE INTERPOSICIÓN DE RECLAMACIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVA CONTRA O ACTO DE REPERCUSIÓN DO IVE EFECTUADO POLA ZONA FRANCA EN FACTURA RELATIVA Ó APARCAMENTO DA PRAZA DO BERBÉS. EXPTE. 100291/140.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta do letrado, Sr. Ramos Covelo, do 6.02.04, que di o seguinte:

“En escrito con entrada no Rexistro deste Concello de 26 de xaneiro de 2004 a Zona Franca remite factura relativa ó aparcamento da Praza do Berbés ós efectos de cumprir as súas obrigas fiscais relativas ó IVE.

Preténdese con dita factura que o Concello abone á Zona Franca 665.907,76 € en concepto de IVE.

Estimando que a repercusión do citado imposto non é axustada a dereito proponse á Xunta Local:

A interposición da reclamación económico-administrativa prevista no artigo 88.6 da Lei reguladora do imposto, contra o acto de repercusión do IVE efectuado pola Zona Franca na factura VAR0300067.

A Xunta de Goberno acorda, conforme ó exposto no precedente informe, que se interpoña a reclamación económico-administrativa prevista no artigo 88.6 da Lei reguladora do imposto, contra o acto de repercusión do IVE efectuado pola Zona Franca na factura VAR0300067.

40(140).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas e corenta. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez